



Concello de Guitiriz

ACTA

Expediente núm.:	Órgano Colexiado:
PLN/2020/9	O Pleno

DATOS DE DESENVOLVEMENTO DA SESIÓN	
Tipo Convocatoria	Ordinaria
Data	24 de setembro de 2020
Duración	Desde as 19:35 ata as 23:05 horas
Lugar	Sesión telemática a través da plataforma zoom
Presidida por	Marisol Morandeira Morandeira
Secretario	Rafael José del Barrio Berbel

ASISTENCIA Á SESIÓN		
DNI	Nome e Apelidos	Asiste
33554944Z	Ainara Pérez Losada	SÍ
33310371T	Angel Seoane Lamela	SÍ
33860503H	Carlos Placido Bujan Lopez	SÍ
33852173Z	Francisco José Penas Pardo	SÍ
32822479F	Laura Ageitos Miragaya	SÍ
32776632E	Marisol Morandeira Morandeira	SÍ
33844142X	María Manuela Carballeira García	SÍ
76577601K	Monica Vázquez Lago	SÍ
33346610Z	Paula Campo Barral	SÍ
33317872A	Pilar Vazquez Ares	SÍ

Concello de Guitiriz





Concello de Guitiriz

33826774F	Xosé Lois González Souto	SÍ
33843554C	Xosé María Teixido Nuñez	SÍ
33538075G	ivan morado corral	SÍ
33852423B	jose ferreiro fernandez	SÍ

Unha vez verificada polo secretario a válida constitución do órgano, o presidente abre a sesión, polo que se procede á deliberación sobre os asuntos incluídos na orde do día

A) PARTE RESOLUTIVA

Aprobación da acta da sesión ordinaria de data 30-07-2020

Favorable

Tipo de votación:
Unanimidade/Asentimento

Sometida a votación a acta da sesión ordinaria de data 30-07-2020 é aprobada por unanimidade.

Aprobacion da Conta xeral do ano 2019. Expediente 533/2020.

Favorable

Tipo de votación: Ordinaria
A favor: 7, En contra: 0,
Abstencións: 6, Ausentes: 0

A proposta de acordo, ditaminada favorablemente pola comisión informativa especial de contas, é a seguinte:

"ASUNTO: APROBACION DA CONTA XERAL DO ANO 2019.

De acordo co apartado primeiro do artigo 212 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, os estados e contas da entidade local serán rendidas polo seu presidente. No apartado 2 do dito artigo dispónse que a Conta Xeral formada pola Intervención será sometida a informe da Comisión Especial de Contas da entidade local.

De acordo co establecido no artigo 20.1.c) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, entre as funcións das Comisións Informativas (entre as que se atopa a Comisión Informativa de Asuntos Xerais do

Concello de Guitiriz





Concello de Guitiriz

Pleno deste Concello) atópanse as de “*estudio, informe o consulta de los asuntos que han de ser sometidos a la decisión del Pleno*”, sen embargo o artigo 20.1.e) da Lei de base de réxime local establece como obrigatoria a Comisión Especial de Contas, cuxas funcións son, como dicta o artigo 67 da Lei 5/1997, do 22 de xuño, de administración local de Galicia as de exame, estudo e informe da Conta Xeral e das demais contas anuais.

A Conta Xeral quedará exposta ao público mediante inserción de anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo durante un prazo de 15 días contados a partir do seguinte ao da publicación do anuncio correspondente durante os cales e 8 máis interesados poderán presentar reclamacións, reparos ou observacións.

No caso de que non se presenten reclamacións, reparos ou observacións durante o período de exposición pública non se volverá a celebrar Comisión Especial de Contas e o expediente, xunto co dito informe elevaráse directamente ao Pleno da Corporación para a súa aprobación.

Cumprimentado en data 11/08/2020 (BOP nº 183) o trámite legal de exposición ao público da dita Conta Xeral, previsto no artigo 212 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, e sen que se presentara ningunha reclamación, procede elevar ao Pleno, co ditame favorable da Comisión Especial de Contas de data 20/07/2020 a proposta de aprobación da conta xeral.

Propoño ao Pleno da Corporación a adopción do seguinte ACORDO:

PRIMEIRO.- Aprobamos a Conta Xeral do Concello de Guitiriz correspondente ao exercicio económico 2019 nos termos que constan no expediente, integrada polas Contas Anuais do propio Concello e a documentación legalmente establecida.

SEGUNDO.- Remitir a Conta Xeral aprobada xunto con toda a documentación que a integra á fiscalización do Tribunal de Contas, tal e como se establece no artigo 212.3 do Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, e, en cumprimento dos mandatos da Lei orgánica 2/2012, de 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira, e demais normativa concordante, ao Ministerio de Facenda e Administracións Públicas."

Aberto o debate pola presidencia o voceiro do grupo PP di que o artigo 212 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobada polo R. D. Lexislativo 2/2004 do 5 de marzo, dí no seu primeiro apartado que os estados e contas dun concello serán rendidas polo seu alcalde-presidente e, no apartado dous que a Conta Xeral formada pola Intervención será sometida a informe da comisión especial de Contas da Entidade Local, como así foi, máis nas conclusións que fai o Sr. Interventor deste noso Concello, di que a Conta Xeral debe ser fiel reflexo contable da realidade económico-patrimonial do Concello e, dí este técnico superior, que ao non existir Inventario Municipal de Bens, i perfectamente actualizado, non se pode comprobar a adecuada correlación entre a valoración de contas de inmovilizado que

Concello de Guitiriz





Concello de Guitiriz

aparecen no activo do balance e a valoración de bens no inventario.

Por outra banda, di que non existe constitución do Patrimonio Municipal do Solo mediante acordo plenario, así como inventario separado. Segue a dicirnos que os órganos competentes deberán adoptar as medidas para solución das deficiencias indicadas ao longo do informe presentado polo Sr. Interventor deste Concello.

Sabedores de que se cumprimentou a exposición ao público de dita Conta Xeral con data 11 de agosto do ano en curso e que non existe ningunha reclamación, elevase ao Pleno co ditame favorable da Comisión de Contas, máis votaron ao seu favor só o PSOE, absténdose o partido Popular e o BNG, digo isto pois iso non o poñen no seu informe.

Pois ben vistas as conclusións do Sr. Interventor imos a abstermos como así fixemos o día que se convocou a Comisión de Contas esperando que para o ano 2021 se solucionen esas deficiencias, para que de agora en adiante, as contas sexan un fiel reflexo contable da realidade económica-patrimonial do concello de Guitiriz.

O voceiro do grupo BNG di que hai moitos anos que participo nesta comisión de contas, sei que a Conta Xeral de cada ano ten que ser o fiel reflexo contable da realidade económica e patrimonial do Concello.

Estamos vendo que o tempo me deu a razón, en un dos puntos deste Pleno vamos anular ou dar de baixa dereitos e obrigas recoñecidos de exercicios pechados, está mais que claro que non se fixeron as coas ben tanto na contabilidade xeral do Concello como no patrimonio que temos no Concello.

Non está actualizado o inventario municipal de bens, o último fíxose no ano 2012 e quedouse de ir renovando e actualizando co paso do tempo e non se volveu a tocar.

Tampouco temos constituído no concello o Patrimonio Municipal do Solo, o único que se levou a cabo recentemente foi o inventario municipal de camiños e vías.

Está mais que claro que non se pode facer o balance exacto das contas pola intervención do Concello, ao non existir un Inventario Municipal de bens perfectamente actualizado, porque non se pode comprobar a adecuada correlación entre a valoración das contas de inmovilizado que aparecen no activo do balance e a valoración dos bens no Inventario.

Como vamos a votar a favor, nunca o fixemos, nin o vamos a facer mentres este todo o que acabo de comentar sen facer ou polo menos actualizado.

A rendición de contas constitúe a principal garantía de transparencia na xestión económica do noso concello.

Guitiriz como as outras entidades locais integrantes do sector público está obrigado cada ano a informar o remate de cada exercicio da contabilidade exercida para a seu seguimento polo resto de forzas políticas que non participamos no goberno, xa me dirán vostedes como se pode votar a favor de algo que está incompleto.

Non nos parece adecuado para un concello como o noso deixar parte do orzamento sen investir. No ano 2019 foron 424.115,19 € e van acumulados mais de 2.300.000 euros no remanente, vostedes chámanlle aforro, menos mal que de momento se logrou deter no parlamento español a apropiación destes aforros, que ano tras ano foron quedando sen investir, e non serviron para intentar mellorar o benestar das veciñas e veciños do Concello.

Coas carencias que temos na maioría dos servizos públicos obrigatorios para Guitiriz parécenos unha mala gobernabilidade de calquera dos gobernos, dende polo menos o 2011.

O BNG de Guitiriz non vai apoiar o estado de contas do 2019, seguramente

Concello de Guitiriz





Concello de Guitiriz

absteñámonos como fixemos na comisión de contas.

A alcaldesa dálle a palabra ao Interventor para que aclare o que indicou o portavoz do BNG en relación a que se deixou de gastar 424.115,19 € no ano 2019. O interventor di que o concello executou case todo o orzamento pero fíxose en distintas fases, e dicir, de todo o crédito do que dispoñemos facemos contrato de case todo, así por exemplo a partida que collemos para unha obra xa non podemos collela para outra cousa, pero non quere dicir que esa obra se execute ese mesmo ano, en moitas ocasións executase no ano seguinte, co que pode parecer que una partida non está gastada porque non esta recoñecida e pagada, pero esa partida xa está comprometida.

Non se deixou de executar ningunha partida, é máis, ao final do ano temos que coller de todas as partidas que non contratamos e dedicalas a outras cousas.

A Sra. Alcaldesa di que esa afirmación tal como se fai é enganosa porque da entender que este equipo de goberno deixou sen investir 424,115,19 € que tiña a súa disposición e iso non é verdade e leva a xente a pensar que hai cartos sen gastar do orzamento do 2019, así por exemplo varias partidas do Plan Único do 2019 finalizáronse e pagáronse no 2020.

Cando se di unha cosa hai que ser veraz co que se di para non levar a xente que non está escoitando a engano.

Aclara o Interventor que incluso se gastou mais do que dispoñíamos para facer fronte a necesidades especiais e por iso incumprimos a regra de gasto.

Na segunda quenda o voceiro do grupo BNG pregunta se a 31 de decembro de 2019, eses 424.115,19 € sumáronse ou non ao remanente do concello?

Explica o Interventor que o noso remanente está constituído polo que temos no banco, os dereitos menos as obrigacións, e dicir si deixamos de gastar teremos dificultades para recuperalo o ano que ven. Intentamos comprometer todos os créditos porque así podémolos incorporar ao ano seguinte senón anúlense e conxelase un nivel de gasto.

Explica o interventor que non é mesmo o remanente de tesouraría e a incorporación de remanentes. O remanente de tesouraría é o que hai no banco mais o que nos deben (o que esta inmovilizado e non se pode gastar) e a incorporación de remanentes é cando se incorporan como remanentes ao presuposto do ano seguinte e se pagan as obrigacións contraídas do ano anterior.

É incompatible incumplir a regra de gasto con deixar sen executar parte do presuposto.

O portavoz do BNG di que dende fai 9 anos que esta como concelleiro foi incrementándose o remanente do concello, está claro que son partidas comprometidas e que por algún motivo non se investiu todo.

Intervén novamente a alcaldesa para aclararlle que o que está a dicir o portavoz do BNG non é así, xa que si son partidas comprometidas son partidas investidas, que é incompatible o que acaba de dicir, xa que si están comprometidas vai haber que pagalas.

Sometido o asunto a votación é aprobado por 7 votos a favor do grupo PSOE e 6 abstencións dos grupos PP e BNG.

Concello de Guitiriz





Concello de Guitiriz

Modificación de Crédito 2/2020. Expediente 936/2020.

Favorable

Tipo de votación: Ordinaria

A favor: 8, En contra: 5, Abstencións: 0

Ausentes: 0

A proposta de acordo, ditaminada favorablemente pola comisión informativa de asuntos do Pleno de data 21/09/2020, é a seguinte:

"ASUNTO: MODIFICACIÓN DE CRÉDITO 2-2020. BAIXA DE CRÉDITOS POR ANULACIÓN DADA A MINORACIÓN DA AXUDA DO PROGRAMA OPERATIVO FEDER DE CRECEMENTO SOSTIBLE 2014-

Visto o expediente tramitado para modificar créditos dentro do orzamento desta Corporación consistente en Baixa por anulación de créditos por importe de 36.502,43 € derivado da minoración da axuda do programa operativo FEDER de crecemento sostible 2014-2020.

Visto o informe de intervención 2020-0156, de data 14/09/2020.

Considerando o disposto no artigo 177 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo (TRLRFL, en diante), no artigo 49 e seguintes do Real decreto 500/1990, na Base 15 das de execución do vixente orzamento, e demais normas concordantes e os Informes do Interventor municipal e o resto de documentación que obra no expediente.

PROPOÑO ao Pleno da Corporación a adopción do seguinte ACORDO:

PRIMEIRO.- Aprobar inicialmente a modificación do orzamento municipal consistente en Baixa de créditos por anulación polo importe total de 36.502,43 € de acordo co detalle que se indica de seguido:

Baixa de créditos de gastos:

Aplicación		Descrición	Créditos Iniciais	Modificacións de crédito	Créditos
Programa	Económica				
165	63300	Renovación das instalacións de alumeado, iluminación e sinalización exterior no núcleo de Guitiriz	158.302,23	18.856,27	39
165	63300	Renovación das instalacións de alumeado, iluminación e sinalización exterior no núcleo de Parga	130.346,56	17.646,16	12
TOTAL BAIXAS				36.502,43	

Baixa de créditos de ingresos:

Aplicación	Descrición	Créditos	Modificacións de	Ingresos
------------	------------	----------	------------------	----------

Concello de Guitiriz



Cod. Validación: 6W2EZYMS2PQWTP LZ95T 4CDD64 | Corrección: <https://guitiriz.sedelectronica.guitiriz.es> | Páxina 43
Documento asinado electrónicamente desde a plataforma xestión de



Concello de Guitiriz

Partida		Iniciales	crédito	
72000	Renovación das instalacións de alumeado , iluminación e sinalización exterior no núcleo de Guitiriz	158.302,23	18.856,27	139.
72000	Renovación das instalacións de alumeado , iluminación e sinalización exterior no núcleo de Parga	130.346,56	17.646,16	112.
TOTAL BAIXAS			36.502,43	

SEGUNDO.- De conformidade co establecido no artigo 177.2 do Texto refundido da lei reguladora das entidades locais, aprobado polo Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, en relación co artigo 16 do mesmo texto legal, ordenar a publicación do presente acordo mediante inserción de edicto no Boletín Oficial da Provincia de Lugo e no taboleiro de edictos deste Concello, quedando exposto ao público durante un período de 15 días hábiles dende o día seguinte ao da publicación daquel no Boletín Oficial.

TERCEIRO.- O expediente de modificación orzamentaria entenderáse definitivamente aprobado no caso de que durante o período de exposición pública non se presenten reclamacións."

Aberto o debate pola presidencia o voceiro do grupo PP di que as modificacións orzamentarias son os cambios en contía, finalidade ou temporalidade dos créditos inicialmente aprobados nos orzamentos.

O expediente que se propón para a súa aprobación versa sobre unha redución de gastos do orzamento mediante baixa por anulación de crédito do exercicio 2020, por un importe total de 36.502,43 €.

Núcleo Guitiriz: Aplicación orzamentaria 165.633 €. Axuda Inicial 158.302,23 €. Axuda minorada 139.445 €. Diferenza 18.856,27 €

Núcleo Parga: Aplicación orzamentaria 165.633 €. Axuda Inicial 130.346,56 €. Axuda minorada 112.700 €. Diferenza 17.646,16 €

Sorpréndenos que a licitación do núcleo de Guitiriz sexa 185.413,04 IVE incluído e a adxudicación sexa de 185.372 IVE incluído, e para nos isto quer dicir que a diferenza entre a licitación e adxudicación do núcleo de Parga, a licitación e de 152.669,72 IVE incluído e, a diferenza entre licitación e adxudicación de 46,37 €.

Con data 2 de xullo do ano en curso, o Concello presenta a documentación xustificativa da formalización de contratos aportando a memoria actualizada.

Con data 18 de agosto deste ano, recibe a comunicación sobre o resultado de fase de licitación de contratos, que vista a memoria actualizada presentada, establece a necesidade de minorar o importe das luminarias en stock.

Polo tanto, non temos a valoración de ditas luminarias, aínda que vostede Sra. Morancos nos informou que o importe era maior, máis na Comisión Informativa nos sorprende un pouco esa cantidade en licitación.

O voceiro do grupo BNG di que vemos que se anula ou que rebaixa unha subvención en licitación de 158.302 euros a 139.445 para a renovación das instalacións de alumeado e sinalización exterior no núcleo urbano de Guitiriz e en 17.646 euros a redución do mesmo no núcleo de Parga pasando de 130.346,56 euros a 112.700 euros, fai un total de 36.502 euros .

Concello de Guitiriz



Cod. Validación: 6W2EZF7SKDZ00W11Z30945001
Documento asinado electronicamente desde a Sede do Concello de Guitiriz



Concello de Guitiriz

Coméтанos na memoria que con data 18 de agosto pasado recibimos a comunicación sobre o resultado da fase de formalización de contratos que a vista da memoria actualizada presentada polo concello, estableceu a necesidade de minorar o custo elixible máximo aprobado e que foi motivado polas iluminarías en stock solicitado a aceptación por parte do Concello dos recálculos efectuados para a minoración da axuda, remitindo unha proposta diferente para de este modo poder continuar coa tramitación do expediente, quedando o cálculo proposto polo Instituto para a Diversificación e Aforro de Enerxía (IDAE) coa minoración de 36.502 euros.

Segundo explicou a Sra. Alcaldesa na comisión de asuntos do Pleno saímos gañando o disposto para as luminarias en stock por un valor superior ao que nos rebaixa o IDAE, polo tanto votaremos a favor.

A Sra. Alcaldesa explica a alcaldesa que isto ven dado porque IDAE na súa resolución definitiva da comisión da subvención rebaixou o que concedera nesta cantidades alegando que se incluía na adjudicación mellora as luminarias en stock e non o tiñan na mesma consideración.

Eu dixen que a valoración das luminarias en stock era maior porque que se pediu un informe a persoa que elaborou a memoria técnica para sacar a licitación e indicou que a rebaixa que nos estaban a facer era maior que o valor das iluminarías que tiñamos en stock, por iso decidiuse aceptar esta minoración e para aquela parte que non subvenciona o IDAE, ten que ir con cargo os presupostos do concello e por iso non se pode facer esta transferencia de crédito.

Na segunda quenda o voceiro do grupo PP di que o que nos sorprende é a pequena diferenza que hai entre a adjudicación e a licitación, esa baixada despois sorpréndenos, parécenos unha cantidade moi desproporcionada para que poda quedar en stock porque non é normal que nunha obra desa cantidade de cartos poida quedar en stock esa cantidade de luminarias, polo que non estamos de acordo e imos votar en contra.

O voceiro do grupo BNG di que si é verdade o que di está claro que é moito mellor así.

A Sra. Alcaldesa di que esta subvención é moi importante para o concello polo que aínda que o concello non pode aportar esta parte, cambiar todas as luminarias de Guitiriz, Parga e as Reixas supoñía unha obra moi importante que de feito xa estaba executada en gran parte polo que non había moito máis que decidir.

Sometido o asunto a votación é aprobado por 8 votos a favor dos grupos PSOE e BNG, e 5 votos en contra do grupo PP.

Modificación de crédito. Transferencia de de crédito entre distintas área de gasto para renovación das instalacións de alumeados en Guitiriz e Parga. Expediente 941/2020.

Favorable

Tipo de votación:
Unanimidade/Ase-
ntimento

A proposta de acordo, ditaminada favorablemente pola comisión informativa de asuntos do Pleno de data 21/09/2020, é a seguinte:

"ASUNTO: TRANSFERENCIA DE CRÉDITO ENTRE DISTINTAS ÁREAS DE GASTO PARA RENOVACIÓN DAS INSTALACIÓNS DE ALUMEADO, ILUMINACIÓN E SINALIZACIÓN EXTERIOR NOS NUCLEOS DE GUITIRIZ E PARGA (dada a minoración da axuda concedida pola IDAE en relación o Programa Operativo FEDER de crecemento sostible 2014-2020).

Concello de Guitiriz





Concello de Guitiriz

Dona Marisol Morandeira Morandeira, Alcaldesa-Presidenta, en uso das súas atribucións legalmente conferidas.

Vistos os seguintes antecedentes que obran no expediente tramitado para modificar créditos dentro do vixente orzamento municipal Esta Alcaldía considera necesario afrontar determinados gastos consistentes en "Renovación das instalacións de alumeado, iluminación e sinalización exterior nos Núcleos de Guitiriz e Parga " derivados dun procedemento de contratación mediante procedemento aberto simplificado, por importe de 13.687,56€ € para os que non existe consignación orzamentaria axeitado e suficiente, dada a minoración da axuda concedida pola IDAE no marco do Programa Operativo FEDER de crecemento sostible 2014-2020. Tendo en conta a posibilidade de minorar determinadas aplicacións do orzamento de gastos sen menoscabo da finalidade para a que foron previstas no Orzamento aprobado para este ano:

- Providencia de inicio do expediente.
- Certificado de intervención de dispoñibilidade dos créditos a minorar.
- Informe de intervención 2020-0157 , de data 14/09/2020.

Considerando o disposto na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común, e no RD 2568/1986, do 28 de novembro, que aproba o regulamento de organización e funcionamento das corporacións locais.

Considerando o disposto no artigo 179 e 180 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais do 5 de marzo de 2004, nos artigos 40 e 41 do Real decreto 500/1990 e na Base 12 das de execución do vixente orzamento municipal.

PROPOÑO ao Pleno da Corporación a adopción do seguinte ACORDO:

PRIMEIRO.- Aprobar a modificación do vixente orzamento municipal por transferencia de créditos entre aplicacións de distinta área de gasto de acordo cos datos que se indican de seguido:

Aplicacións minoradas	Consignación previa (aplicación)	Consignación previa (Bolsa)	Minoración	Consignación restante (aplicación)	Consignación restante (bolsa)
453.61900	15.979,05	15.979,05	13.687,56	2.291,49	2.291,49

Aplicacións incrementadas	Consignación previa (aplicación)	Consignación previa (Bolsa)	Incremento	Total consignación (aplicación)	Total Consignación (Bolsa)
165.63300	596,23	0,40	13.687,56	14.283,79	13.687,96

SEGUNDO.- De conformidade co establecido no artigo 179.4 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, en relación co artigo 169 do mesmo texto legal, ordenar a publicación do presente acordo mediante inserción de edicto no Boletín Oficial da Provincia de Lugo e no taboleiro de edictos deste Concello, quedando exposto ao público durante un período de 15 días hábiles dende o día seguinte ao da publicación naquel Boletín

Concello de Guitiriz

Rua do Concello nº4, Guitiriz. 27300 (Lugo). Tfno. 982370109. Fax: 982372178



Cod. Validación: 6W2EZKSKD2QMTP.LZ95T.4CD664 | Corrección: https://guitiriz.sedelectronica.gal/ Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 9 a 143



Concello de Guitiriz

Oficial.

TERCEIRO.- O expediente de modificación orzamentaria entenderáse definitivamente aprobado no caso de que durante o período de exposición pública non se presenten reclamacións."

Aberto o debate pola presidencia o voceiro do grupo PP di que antes de comezar no punto, dicirlles que non estamos de acordo no punto G, que di: "Exposición ao público por 15 días, aos cales os interesados non poderán examinar o expediente". Nos, o Partido Popular de Guitiriz neste Concello, cremos que isto é un erro e, co normal é que toda a cidadanía poda ollalo para decidir si se van a interpoñer alegacións pola forma ou polo seu contido, ao non estar de acordo, ou ben non presentar nada pois atópano aceptable.

Entón, o importe a transferir de 13.687,56 €, aínda que é de distintas áreas de gasto, está informado favorablemente pola Intervención deste Concello.

Pensamos que é necesario facer esta transferencia pois os provedores, empresarios e traballadores por conta propia teñen que cobrar e, os traballos nas dúas vilas teñen que completarse e facerse ben.

O voceiro do grupo BNG di que van a facer unha transferencia de crédito entre distintas áreas de gasto para compensar a minoración da subvención da renovación das instalacións de alumeadado, deixamos de percibir 36.502 euros e sen embargo esta transferencia é por 13.687 euros. Comentounos tamén vostede Sra. Alcaldesa que con esta transferencia chegaría para completar a subvención para as luminarias de baixo consumo, non temos porque dubidar de vostede, así que tamén votaremos a favor.

A Sra. Alcaldesa aclara que é evidente que é un erro de transcripción, si se expón ao público é para que se poda examinar.

Sometido o asunto a votación é aprobado por unanimidade dos 13 membros da Corporación.

Depuración de saldos contables de Orzamentos Pechados. Expte 891/2020.

Favorable

Tipo de votación:

Unanimidade/Asentimento

A proposta de acordo, ditaminada favorablemente pola comisión informativa de asuntos do Pleno de data 21/09/2020, é a seguinte:

"DEPURACIÓN DE SALDOS CONTABLES

Vista a necesidade de depuración ou baixa de dereitos e obrigas procedentes de exercicios pechados por prescrición, por diversas causas expostas no informe-proposta de tesourería. Dita baixa polo lado dos ingresos, o total de dereitos recoñecidos de exercicios pechados que se propón dar de baixa suman un total de **1.125.703.65€** (ver desglose en Anexo I) e polo lado dos gastos, o total de obrigas

Concello de Guitiriz

Rua do Concello nº4, Guitiriz. 27300 (Lugo). Tfno. 982370109. Fax: 982372178



Cod. Validación: 6W2EZKSKD2QMTP.LZ95T.4CD664 | Corrección: <https://guitiriz.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 10 a 43



Concello de Guitiriz

recoñecidas de exercicios pechados que se propón dar de baixa suman un total de **79.977,64€** (ver desglose en Anexo II).

PROPOÑO QUE O PLENO DA CORPORACIÓN ADOPTA O SEGUINTE ACORDO:

PRIMEIRO. Aprobar a baixa dos dereitos e obrigas recoñecidos de exercicios pechados do exercicio 1989 ao 2019 polos seguintes importes (según os anexos que mostran os desgloses de obrigas e dereitos):



Dereitos recoñecidos pendentes de cobro: 1.125.703,65€

Obrigas recoñecidas pendentes de pago: 79.977,64€

SEGUNDO. Facultar á alcaldía para levar a cabo todos os trámites necesarios para a finalización do expediente, e comunicarlle aos servizos municipais afectados para que a depuración de saldos se reflexe na contabilidade municipal tal e como se aproba."

Aberto o debate pola presidencia o voceiro do grupo PP di que dende o ano 1989 ata o 2019, temos unhas obrigas recoñecidas en exercicios pechados en todos estes anos, da acordo ao desglose de obrigas e dereitos.

Dereitos recoñecidos pendentes de cobro: 1.125.703,65 €

Obrigas recoñecidas pendentes de pago: 79.977,64 €

Isto non afecta ao seu remanente, máis si ao seu traballo cotiá de Tesouraría e Intervención.

Esperemos que o que expuxo o Sr. Interventor no seu informe para a Comisión Informativa se cumpra anualmente de agora en adiante.

O voceiro do grupo BNG di que van a dar de baixa dereitos recoñecidos pendentes de cobro por un valor de 1.125.703 euros e unhas obrigas recoñecidas pendentes de pago por un valor de 79.977 euros dende o ano 1989 ata o ano 2019.

Vense cifras que asustan, por exemplo, como pode haber entre o ano 1990 e o ano 2015 218.067 sen recadar do imposto de vehículos de tracción mecánica do Concello .

Que pasou que dende ano 2015 porque, están todos os dereitos recoñecidos cobrados, porque non se cobraban antes, quen é o responsable de todo isto?, quen responde esa pregunta, non é doada de contestar. Porque non se pagaron dende o Concello as obrigas recoñecidas, porque pode ocorrer que o concello non pague o que debe ?, repito, quen é o responsable de todo isto?. A quen se lle conte este asunto non o cree.

Pero ben, agora xa pasou e non se vai poder cobrar nada do que prescíbese, polo visto non queda outra que depurar e anular este lastre que arrastra o concello dende hai tantos anos. Non vou a comentar nada mais.

A Sra. Alcaldesa explica a alcaldesa que isto na súa maioría débese a erros contables. Esas obrigas aparecen duplicadas e como o seu nome indica é unha depuración de saldos contables.

A alcaldesa dálle a palabra ao Interventor que explica que dende o 1989 son 31 anos, que son moitos anos. Dende o 2015 para aquí non depuramos nada porque

Concello de Guitiriz





Concello de Guitiriz

non se pode xa que se conta que dende o 2015 ata aquí se vai recadar.

A Deputación que é quen xestiona estes tributos, dende o meu punto de vista eficientemente, xa se encarga de pelexar polos nosos dereitos dende o 2015, pero si é razoable que o anterior ao 2015, si non é todo, unha gran parte o examínenos e vexamos ata que punto e razoable que estean aí. En canto ao imposto de vehículos dicir que hai moitos “fallidos” co que a Deputación ten dificultades para recadalo mais alo do 80% a groso modo.

Comenta a alcaldesa que quere agradecer os/as funcionarios/as do concello o traballo levado a cabo, xa que isto deberíase ter feito todos os anos e aquí non se facía dende o 1989.

Na segunda quenda o voceiro do grupo PP aclara, para que a xente entenda todo isto, que os “dereitos recoñecidos pendentes de cobro” é o que non cobrou o concello de Guitiriz e as “obrigas recoñecidas pendentes de pago” é o que non pagou o concello. Agora ben, como di a Sra. Alcaldesa e o Sr. Interventor, é unha depuración de saldos contables.

Dende o 2015 vanse recadar as débedas dos impostos por parte do Servizo de Recadación de Lugo, pero o que me gustaría saber é si dende o 2015, hai obrigas recoñecidas pendentes de pago? xa que unha obriga que teña pendente o concello dende fai 10 anos segue sendo unha obriga.

Responde o Interventor dicindo que pode que haxa, pero que non é probable que si o concello lle debe cartos a alguén, este non os pida. Dende o 2015 para atrás xa quedaría depurado e dende o 2015 para aquí, non nos consta que exista unha débeda pendente de pago.

Di o portavoz do PP, que el entende que o dereito recoñecido pendente de cobro, de 5 anos para atrás, queda anulado, pero as obrigacións recoñecidas nunca prescriben.

Responde o Interventor que si que prescribe, é un tema que cambiou recentemente, ata fai pouco todas as obrigacións persoais do Código Civil prescribían aos 15 anos, pero agora prescriben aos 5 anos. Na administración, pola lei xeral presupostaría, o mesmo, prescriben aos 5 anos, e dicir, un provedor aínda tendo dereito, que non reclame o pago ao concello, este prescribe e non se podería pagar aínda que se quixera. Agora coincide o prazo administrativo co civil, hai moita xente que cre que as obrigacións persoais prescriben aos 15 anos.

Aclara a alcaldesa que esa anulación de obrigas pendentes de pago son erros que aparecen por duplicado, non significa que o concello lle deba algo a alguén e vaia quedar sen pagar.

O voceiro do grupo BNG di que os dereitos do 2015 para atrás non se van a cobrar e esta ben así, pero calquera que vexa os expedientes ve cifras que asustan, pero esta claro que hai que facelo.

Sometido o asunto a votación é aprobado por unanimidade dos 13 membros da Corporación.

Modificación do réxime de adicacións dos concelleiros do equipo de goberno. Expediente 237/2019.

Concello de Guitiriz

Rua do Concello nº4, Guitiriz. 27300 (Lugo). Tfno. 982370109. Fax: 982372178



Cod. Validación: 6W2EZKSKD2QMTP.LZ95T.4CD664 | Corrección: <https://guitiriz.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 12 a 43



Concello de Guitiriz

Favorable	Tipo de votación: Ordinaria A favor: 7, En contra: 5, Abstencións: 1, Ausentes: 0
<p>A proposta de acordo, ditaminada favorablemente pola comisión informativa de asuntos do Pleno de data 21/09/2020, é a seguinte:</p> <p>"MODIFICACION DO REXIME DE ADICACIONES DOS CONCELLEIROS DO EQUIPO DE GOBERNO</p> <p>Constituída a Corporación Municipal en data 15 de xuño de 2019 consonte co resultado das eleccións municipais celebradas o día 26 de maio de 2019, adoptáronse en data 4/07/20219 os distintos acordos plenarios organizativos da nova Corporación municipal.</p> <p>Tannscorrido máis dun año faise necesario realizar algunha modificación no réxime de adicación dos concelleiros delegados de áreas de goberno, en función das necesidades actuais e a carga de traballo de cada área de goberno. Concretamente pretende reaxustarse as áreas delegadas Benestar social e de Medio rural, Medio ambiente e Réxime interior, sen supoñer incremento de gasto algún.</p> <p>Considerando o disposto no Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, que aproba o Regulamento de Organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais, na Lei 7/85, de 2 de abril, de bases de réxime local, e na Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia.</p> <p>Proponse ao Pleno da Corporación, previo ditame da comisión informativa de asuntos do Pleno, a adopción do seguinte ACORDO:</p> <p>PRIMEIRO.- Modificar con efectos de 01/10/2020 o réxime de adicacións dos concelleiros do equipo de goberno aprobado por acordo plenario de data 4/07/2019 no seguinte sentido:</p> <p>-Delegada de Medio rural, Medio ambiente e Réxime interior: desempeñará as súas funcións de conformidade co establecido na lexislación vixente, cunha adicación parcial do 70%, debendo adicar un mínimo de 28 horas semanais as súas funcións, e percibirá un soldo bruto mensual de 1.750 € (1.785 € actualizado a 2020) en 14 pagas.</p> <p>-Delegada de Benestar social: desempeñará as súas funcións de conformidade co establecido na lexislación vixente, cunha adicación parcial do 50%, debendo adicar un mínimo de 20 horas semanais as súas funcións, e percibirá un soldo bruto mensual de 1.250 € (1.275 € actualizado a 2020) en 14 pagas.</p> <p>O resto de adicacións aprobadas por acordo plenario de data 4/07/2019 se manteñen nos mesmos termos.</p> <p>SEGUNDO.- Notificar o presente acordo as concelleiras delegadas das dúas áreas</p>	

Concello de Guitiriz





Concello de Guitiriz

de goberno cuxas adicacións son modificadas, e comunicalo á Tesourería municipal para o seu coñecemento e efectos oportunos."

Aberto o debate pola presidencia o voceiro do grupo PP di que despois dun ano de singradura do Goberno socialista neste Concello, dinos a Sra. Morandeira que faise necesario realizar algunha modificación no réxime de adicacións dos concelleiros/as delegados/as de áreas de goberno, todo isto claro está, en función das necesidades actuais e a carga de traballo de cada área de goberno, pretendendo reaxustar as áreas delegadas de Benestar Social e do Medio Rural, Medio Ambiente e Réxime Interior.

Polo tanto a Delegada de Medio Rural, Medio Ambiente e Réxime Interior, vai desempeñar as súas funcións cunha dedicación parcial do 70%, debendo adicar un mínimo de 28 horas semanais, e pasa de cobrar 1.250 € a 1.785 € en 14 pagas, cun total de 24.990 € anuais, por traballar 5,6 horas diarias, e polo tanto, o aumento económico para esa concelleira supón uns 535 € mensuais.

A Delegada de Benestar Social, ten unha adicación parcial do 50% debendo dedicar un mínimo de 20 horas semanais de traballo, e dicir, 4 horas diarias e, por isto cobra 1.275 € en 14 pagas mensuais, cun total de 17.850 € anuais.

O Partido Popular de Guitiriz sen tratar de inmiscirse nos asuntos internos do PSOE de Guitiriz que forman Goberno neste Consistorio se sorprende por catro razóns.

1º- Tendo unha poboación envellecida de máis de setenta anos, nunha bisbarra como a Terra Cha cuxa poboación atopase moi espallada, co cal o Servizo Social deste Concello ten que facer moito máis esforzos económicos e humanos.

2º- Tendo un número importante de persoas con discapacidades físicas, psíquicas e sensoriais.

3º.- Tendo a Delegada de Benestar Social un número alto de traballadores/as cos cales ten que bregar e organizarlles o traballo, repartirle as horas no caso de que haxa baixas laborais, etc, por mor de moitas circunstancias, dirixir os traballos e aos traballadores, organizar as quendas de traballo, vixiar, visitar e inspeccionar, se fose necesario aos anciáns e as vivendas onde viven e, xestionar os recursos económicos e humanos e adaptalos as necesidades perentorias que podan xurdir, sobre todo nestes tempos difíciles.

4º.- Tendo o problema da ingrata pandemia do COVID 19, que nos persigue constantemente, sobre todo as persoas maiores que son moito máis vulnerables, preguntámoslle o seguinte: Non é unha contradición Sra. Alcadesa, presentar unha moción protestando pola falla de médicos, e facer fincapé nun momento circunstancial como foi o estar os médicos atendendo en momentos de urxencias necesarias e, pola contra, con todo diminúe en 8 horas semanais o traballo da Sra. Ageitos, Delegada de Benestar Social e, dinos que isto faise porque é necesario unha modificación no réxime de adicación en función das necesidades actuais.

Sra. Morandeira, con todos os meus respectos cara súa persoa, as necesidades en atención en Benestar Social nunca foron tantas e tan urxentes e tan delicadas como nestes momentos nos que nos atopamos, e esas necesidades non son só de atención, senón tamén de dirección e xestión por parte da Delegada de Benestar Social e, polo tanto, creemos que isto é máis que unha necesidade de xestión administrativa, unha necesidade política interna do seu Grupo Socialista.

Repítolle, nos non estamos de acordo en que se lle rebaixen as horas a Delegada de Benestar Social e, por iso imos votar non, pois os nosos maiores merecen todo o

Concello de Guitiriz





Concello de Guitiriz

que se poida facer por eles e, máis todavía se cabe, pois foron o sustento durante moitos anos deste Concello e, rebaixar as horas a xestión de esa Delegación de Benestar Social non ten xeito ningún.

O voceiro do grupo BNG di que entendemos que son unhas modificacións internas do equipo de goberno, como ben comenta Sr. Alcaldesa e non varía o montante total do que cobran, así que vamos absternos na votación.

Opinamos que a simple vista, e sen analizar outros asuntos, vemos que as áreas que leva cada posto dos que cambian e parece lóxico que a persoa que leva tres áreas dedique mais tempo que a que leva unha soa área, pero como comento é a simple vista, porque tampouco podemos analizar o traballo de cada área porque non o sabemos. Agardamos que polo menos sexa beneficioso e polo ben do Concello.

A Sra. Alcaldesa precisa dúas cousas, primeiro que esa modificación no réxime de adicacións non supón ningunha modificación do custe total do equipo de goberno e segundo, o tema de organización das áreas e o que se cobra polas adicacións é algo interno do equipo de goberno xa que somos nós os que decidimos.

Dicirille ao portavoz do PP que a área de Benestar Social é a que máis recursos leva do noso concello. O réxime de persoal o leva a concelleira que vai cobrar máis agora pero o réxime de benestar social conta con traballadoras suficientes para poder desenvolver todo o traballo, tres traballadoras sociais, unha educadora familiar e unha auxiliar administrativa dedicada soamente a area de benestar social, isto sen contar as traballadoras do Centro de Día e do PAI e as auxiliares de axuda no fogar.

Este equipo de goberno fixo un esforzo especial para consolidar todos eses postos de traballo, de feito o primeiro proceso de consolidación de traballo temporal que se fai neste concello fíxose coas traballadoras do servizo de axuda no fogar e vaise seguir facendo coas traballadoras da area de benestar social.

Quero deixar claro que este equipo de goberno dedica a maior parte dos seus recursos a benestar social. O concello este ano dedicou moitos máis recursos para combater o Covid que dedicou o Sergas no noso concello, o que fixo foi quitar efectivos médicos, e este equipo de goberno o que fixo foi aumentar o persoal dedicado a combater a pandemia.

Na segunda quenda o voceiro do grupo PP di que non nos metemos no réxime interno do seu equipo de goberno, pero chama a atención que coa que está a caer, quen ten que dirixir todo isto e a delegada de benestar social, entón que se lle reduzan as horas non nos parece ben, parécenos máis unha cuestión política que de xestión administrativa, xa que canta mais xente traballe nese servizo, máis hai que xestionar.

Si fóssemos nós os que dirixísemos o concello nunca lle reduciríamos as horas a persoa que leva Benestar Social, todo o contrario, aumentaríamollas.

O voceiro do grupo BNG di que si todo isto sucedese noutra administración, chamaríanlle “crise de goberno”, pero eu non o lle vou a chamar así.

Como non hai aumento do montante e si é bo para o concello, teño que dicir que me alegro.

A Sra. Alcaldesa aclarar que calquera das dúas concelleiras dedícanlle moitas mais horas que as que figuran como horas mínimas nas adicacións iniciais. Todos os membros do equipo de goberno están a dedicar mais tempo do que teñen determinado nas adicacións.

Sometido o asunto a votación é aprobado por 7 votos a favor do grupo PSOE, 5

Concello de Guitiriz





Concello de Guitiriz

votos en contar do grupo PP, e 1 abstención do grupo BNG.

Moción do grupo BNG para a adaptación do protocolo do Covid-19 nos centro de ensino de Guitiriz e Parga. Expediente 881/2020.

Favorable

Tipo de votación:

Ordinaria

A favor: 8, En contra: 0,

Abstencións: 5, Ausentes:

0

A moción, ditaminada favorablemente pola comisión informativa de asuntos do Pleno de data 21/09/2020, é a seguinte:

"EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

De maneira clara e unánime as organización sindicais do ensino e as ANPAs así como moitos concellos amosaron o seu rexeitamento ao Protocolo de adaptación ao contexto da Covid 19 nos centros de ensino para o curso escolar 2020-2021. A proposta foi elaborada e aprobada unilateralmente pola Consellaría de Educación que se negou a negociar as medidas nel previstas así como os recursos necesarios para a súa implantación.

Cunha breve análise do texto podemos observar que a Xunta de Galiza elaborou o protocolo primando os criterios económicos por riba da calidade educativa e as garantías sanitarias, impoñéndolle a responsabilidade da súa planificación e execución ao persoal directivo e ao profesorado, as nais e aos pais, así como os concellos que se deberán facer cargo da prestación e sobre custe de certos servizos, sen que a administración competente en materia sanitaria e educativa, que é a Xunta de Galiza, asuma ningunha delas.

Así, atopámonos cun documento no que non se respectan os criterios establecidos por norma para o resto da poboación, como poden ser as regras de distanciamento persoal ou de aforamentos. Non se contempla por parte da Consellería ningún tipo de complemento económico nin a contratación de persoal a maiores, nin non docente nin de persoal docente, imprescindible para reducir o número de alumnado por aula.

Non se recollen medidas específicas de ningún tipo para o alumnado de necesidades educativas especiais, o máis afectado durante o confinamento non docente, nin medios de transporte nin recursos de reforzo a maiores. Tampouco se adopta ningunha medida que solucione os graves problemas que se manifestaron durante o confinamento á hora de impartir aulas de maneira telemática, como a fenda dixital no rural, a formación do profesorado e alumnado nin a aportación de materiais físicos e educativas para ter garantida a educación universal para os nenos e nenas.

Concello de Guitiriz

Rua do Concello nº4, Guitiriz. 27300 (Lugo). Tfno. 982370109. Fax: 982372178



Cod. Validación: 6W2EZKSKD2QMTP.LZ95T.4CD664 | Corrección: <https://guitiriz.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 16 de 43



Concello de Guitiriz

A maiores e desde o punto de vista municipal debemos ter en contra varios aspectos:

Tal e como vén recollido na Lei 27/2013, do 27 de decembro, de Racionalización e Sustentabilidade da Administración Local, os concellos non teñen competencias en Educación nin en Sanidade, xa que estas son exclusivas da Xunta de Galiza. Malia isto, na disposición adicional 4ª da Lei 5/2014, do 27 de maio, de Medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, establecece que as competencias en materia de educación, saúde e servizos sociais que ten que asumir a Xunta de Galiza en aplicación da Lei 27/2013 seguirán sendo prestadas temporalmente polos concellos mentres non se estableza o marco normativo para a súa transferencia á Xunta. En materia de Educación as prestacións que é entrada en vigor da Lei prestan os concellos limítanse ao mantemento e limpeza ordinaria dos centros educativos.

A altura na que estamos, a mediados de agosto de 2020, por parte da Xunta aínda non se iniciou a elaboración da necesaria regulación para dar cumprimento á lexislación, o que amosa unha clara intención de que sexan os concellos os que sigan a exercer esta competencia que non lle é propia.

No punto 4 do Protocolo de adaptación ao contexto da COVID 19 establécense as medidas xerais de limpeza nos centros de ensino non universitarios. Estas medidas de limpeza extraordinaria esixirán realizar uns traballos nos centros educativos durante o desenvolvemento da xornada educativa que vai moito máis alá dos que nestes momentos se realizan por parte dos concellos. Será, polo tanto, a Xunta de Galiza, a administración con competencias en materia de educación e sanidade en Galiza, a que ten que asumir e financiar estes traballos e medidas de limpeza ás que fai referencia o Protocolo, non podendo ser os concellos os que asuman nin a súa execución nin o seu financiamento.

No Consello de Ministros de 16 de xuño de 2020 aprobouse o decreto polo que se transferirán ás comunidades autónomas 2.000 millóns de euros dos fondos Covid-19 para adaptar e cubrir as necesidades da Educación como consecuencia da pandemia. Parte destes fondos, loxicamente, correspóndelles á Xunta de Galiza para financiar o incremento de custes derivados das medidas de adaptación ao contexto da COVID-19.

Neste mesmo Protocolo regúlanse as condicións nas que se deben prestar as actividades extraescolares, o Plan Madruga e os comedores escolares. Así mesmo, a Xunta de Galiza, como administración competente en materia de educación e sanidade, debe ser a que asuma a responsabilidade destas actividades, e non as delegue nas Federacións das ANPAS.

A educación e a sanidade son aspectos fundamentais para o funcionamento da sociedade. A xunta de Galiza, ante unha crise sen precedentes como a da COVID-19, non pode obviar a totalidade da comunidade educativa e aos concellos, facendo recaer sobre eles a responsabilidade e o financiamento do sobre custe no sistema educativo. As declaracións do Presidente da Xunta sobre as obrigas que teñen que asumir os concellos en materia de financiamento e sobre as Federacións das ANPAS

Concello de Guitiriz





Concello de Guitiriz

(as que denominou operadores educativos) que manifestan a súa imposibilidade de garantir os servizos que prestan, son impropias de quen ten a responsabilidade do Goberno galego.

Por estes motivos o Grupo Municipal do BNG, propón ao Pleno da Corporación municipal a adopción do seguinte ACORDO:

1. Amosar o rexeitamento ao Protocolo COVID 19 para o ensino aprobado pola Xunta de Galiza así como apoiar as demandas da comunidade educativa nesta materia.
2. Esixir á Xunta de Galiza a elaboración e financiamento do Plan extraordinario de limpeza e mantemento dos colexios de Parga e Guitiriz, derivado da COVID 19, asumindo a totalidade do sobre custe.
3. Apoiar as reivindicacións das asociacións de nais e pais do alumnado abrindo con urxencia por parte da Xunta de Galiza un diálogo para resolver os problemas que impedirían o desenvolvemento do Plan Madruga, dos comedores e das actividades extraescolares no curso 2020-2021.
4. Emprazar a Xunta de Galiza a abrir un proceso de diálogo urxente coa comunidade educativa e a FEGAMP co obxectivo de resolver os problemas derivados do Protocolo, elaborado de forma unilateral pola Xunta, para garantir o correcto inicio e funcionamento do curso escolar 2020-2021.
5. Dar traslado do presente acordo á Xunta de Galiza, á FEGAMP e á federación de ANPAs de Galiza."

Aberto o debate pola presidencia o voceiro do grupo PP di que o Goberno Galego realizou nos últimos meses unha análise da situación da nosa comunidade de cara ao curso 2020-2021, avaliando a realidade dos centros educativos. O caso de Galicia resulta diferente a outras comunidades autónomas, analizando o espallamento poboacional, e polo tanto, a diferenza de matrícula entre centros rurais e urbanos.

Tendo en conta a nosa realidade, a Xunta de Galicia a través das Consellerías de Educación e Sanidade, presentou o Protocolo de Adaptación ao Contexto do COVID-19 dos Centros Educativos non Universitarios, con medidas de prevención de carácter laboral, organizativo, formativo e pedagóxico para o transcurso do vindeiro curso 2020-2021.

Un texto foilles presentado aos sindicatos en dúas convocatorias da mesa sectorial, sen poder chegar a ser analizado e consensado polo rexeitamento precipitado destas organizacións, máis o mesmo texto foi presentado e consensado coa Xunta Autonómica de Directores de Centros de Ensino non Universitarios de Galicia.

Este protocolo, foi avalado polas autoridades sanitarias autonómicas e conta con catro apartados xerais de prevencións básicas que afectan a condicións laborais de carácter organizativo, formativo e pedagóxico e establecen as principais accións

Concello de Guitiriz





Concello de Guitiriz

para a contención da pandemia nos centros de ensino baseadas no establecemento de grupos de convivencia estables, mantemento da distancia interpersonal e o uso da hixiene e da máscara.

O protocolo non é inamovíbel e segundo as circunstancias acaba de recibir unha actualización adiantándose ao texto presentado polo Goberno de España, como texto previo de axuda aos centros educativos para a organización do curso 2020-2021.

A Xunta de Galicia acordou dende o principio facer test serolóxicos de dobre banda a todo o persoal dos centros educativos sostidos con fondos públicos antes do inicio do curso, todo isto acordado polas Consellarías de Sanidade e Educación.

Lamentamos a tardanza do Goberno de España en convocar a Conferencia Sectorial de Educación, celebrada por fin a semana pasada, así como que a Conferencia de Presidentes aínda sexa para o venres día 4 de outubro e lamentamos que a día de hoxe en Galicia aínda non saibamos nada sobre os fondos COVID comprometidos e anunciados en diversas ocasións polo Goberno do Sr. Sánchez. Non sabemos a cantidade económica o seu destino e cando e en que condicións imos recibilos.

Ata o de agora a Consellería de Educación da Xunta de Galicia repartiu material de protección para o persoal dos centros, así como elementos de sinalización.

O resto do material, xel, panos desbotables, material de limpeza, etc. o mercará cada centro a cargo dos gastos de funcionamento cos que conta anualmente.

Nos comedores deberán gardar unha distancia mínima de 1,5 metros, sentados en oblicuo, e con postos fixos para cada alumno/a durante todo o curso. Poden incluso establecer quendas para a hora de xantar, utilizar espazos lindeiros ou instalar mamparas ou separacións de cando menos 60 cm. de altura.

No transporte escolar os alumnos terán asignado un asento fixo durante todo o curso.

Haberá unha xestión de posibles brotes e as autoridades sanitarias definirán segundo as circunstancias de cada centro educativo as medidas de illamento e de corentena dependendo das características específicas particulares de cada gromo.

Todo isto farase segundo o número de contaxios determinando o peche ou non do centro na súa totalidade ou de varias aulas.

Os traballadores/as deses centros educativos realizarán as súas funcións sempre que as súas condición clínica estean controlada e o permita, e mantendo as medidas de protección de forma rigorosa.

Haberá tamén un Plan de Continxencia tendo en conta a realidade tan dispar de cada centro educativo de Galicia, e polo tanto cada un contará cun Plan de continxencia no que se estableceran as medidas en caso de suspensión da actividade lectiva, as medidas para facer efectivo o ensino a distancia e os supostos da actividade lectiva presencial. Este documento inclúe, indicacións de entrada e saída, circulación polos corredores, cambios de clase, etc. e tamén pódense flexibilizar horarios, todo isto dentro das continxencias de cada centro.

Tamén haberá un reforzo do profesorado que suporá un incremento notable de docentes nas nosas aulas, así como tamén habilitación de novas aulas nos centros co precisen, segundo sempre as necesidades perentorias de cada centro que son moi distintas duns a outros e, por último a limpeza dos centros farase, tras un acordo coa FEGAMP, son os concellos os responsables dos centros educativos de infantil e primaria, e a Xunta de Galicia dos centros de secundaria e FP.

A Xunta de Galicia esta aberta a calquera colaboración xa que esta e fundamental,

Concello de Guitiriz





Concello de Guitiriz

polo tanto, é necesario o esforzo de todos os grupos políticos, de todas as administracións e de todas as organizacións, sindicatos, etc.

Repítolles, a Xunta de Galicia ten un protocolo que non é inamovíbel, e está receptiva para recibir actualizacións segundo as circunstancias, polo tanto esta moción non ten cabida para nós, é unha moción de protestar por protestar, de ter que presentar unha moción o Señor Pereira para dicir que fixeron algo, e típico de vostedes o do seu grupo político protestar por todo e en todas partes, pois protéstenlle ao Goberno de España, ao Goberno Central que vostedes apoian e que aínda non nos mandou a Galicia os fondos económicos prometidos.

A Sra. Alcadesa pregunta de que data é ese acordo da FEGAMP e a Xunta para que os Concellos asuman a limpeza extraordinaria dos centros educativos de infantil e primaria?

Responde o portavoz do BNG que é do 27 de agosto de 2020 e o único que non asinou ese documento como representante da FEGAMP foi o alcalde de Cervo, consta asinado polos representantes do PSOE e do BNG.

A alcaldesa di que a Xunta ten asignados por parte do goberno central case 93 millóns de euros para o tema da educación, por parte do Estado a Xunta de Galicia, iso é o que esta publicado e que descoñezo si xa foi transferido ou non. Pero o concello de Guitiriz a data de hoxe non ten asignado nada extraordinario por parte da Xunta para cumprir con ese protocolo, para a limpeza de centros educativos de infantil e primaria. E dicir, a Xunta non asigna nada extraordinario ao concello pero pola contra esíxeme nun protocolo que teño que poñer unha persoa en cada centro para labores de desinfección.

Eu digo, si a Xunta esixe aos concellos ese esforzo, deberíanos de compensar con algo de diñeiro. A Xunta non publicou nada no DOGA conforme nos vai transferir unha cantidade determinada, independentemente do criterio de reparto. Porque a Xunta de Galicia non reparte eses fondos que ten concedidos por parte do Estado para que poidamos facer fronte a ese esforzo que nos demanda?. Todo ese protocolo do que falamos (espazos, distancias etc.) está moi ben, pero habería que ir aos centros para comprobar que todo iso non é fácil de cumprir xa que nos centros que temos non hai outras posibilidades. No caso do noso concello somos bastante afortunados neste momento porque temos unhas instalacións que no seu momento respondían a un número de nenos/as superior aos que hai agora, entón estamos saíndo beneficiados.

Pero repito, a Xunta vai recibir case 93 millóns de euros, pero aos concellos non nos van dar nada, de momento este concello xa asumiu a contratación dun servizo de limpeza a maiores no centro de Parga e de Guitiriz para facer as labores de desinfección reflectidas nese protocolo, o protocolo que o Sr. Feijoo fixo pero non consensuou nada cos concellos. O Sr. Feijoo debería ter claro que estes gastos a maiores que van asumir os concellos debería de pagalos a Xunta.

O noso concello abriu, polo ben do noso concello, o Centro de Día, o Punto de Atención a Infancia e mantivo o servizo de madrugadores, asumindo un traballo e un gasto engadido pola Covid-19, pero a Xunta non nos está a financiar nada, aínda sendo competencia dela.

Polo tanto, eu creo que toda a corporación debería unirse para defender os intereses do noso concello, e estes son, que si o goberno central vai transferir eses fondos, como así consta un BOE, a Xunta debería recoñecer nun DOGA as cantidades que vai dar aos concellos, e isto é o que temos que pedir si queremos defender os

Concello de Guitiriz





Concello de Guitiriz

intereses do noso concello.

O voceiro do grupo BNG di que dende que presentei esta moción o día 12 de agosto sobre o protocolo

que sacou a xa destituída conselleira de educación a Sr. Pomar o día 22 de xullo houbo tantos cambios que podemos falar dun novo protocolo, ou unhas novas normas a española, porque o Sr. Feijóo foi incapaz de facer valer as súas competencias en educación, e encima insta aos concellos a que as cumpran e asuman o seu custe económico, e as direccións dos centros a responsabilidade de todo o que aconteza nos colexios, e como se lle escapou o control de case todo, o final demandou do goberno estatal un protocolo para a volta os colexios, co cal está ocultando a súa incompetencia e a dos seus conselleiros.

Agora é España, España, España, antes, na campaña electoral, Galicia, Galicia, Galicia, prefire depender de España tendo as competencias en educación, e non conta co resto de forzas políticas galegas que debía ser o mais normal e normal.

A evolución da pandemia no estado español en Galiza é con diferenza a peor de toda Europa, (agora Feijóo non pode presumir e dicir que grazas a el Galiza está mellor). No día de onte había 35 aulas pechadas en toda Galiza con máis de 160 casos activos de coronavirus, e só levamos 12 días de colexio, é evidente que as medidas tomadas ata o de agora son inadecuadas e contraditorias, como tamén é evidente que son necesarias medidas de fondo que impliquen mais gasto, non sei en que vai gastar os case 93 millóns de euros que viñeron de Europa para o ensino, e por suposto reformas que fagan reais e eficaces as competencias de Galiza e que o Sr. Feijóo non quere exercer.

No colexio de Guitiriz o persoal do comedor e os/as coidadores/as traballan mais tempo porque hai dúas quendas para comer, polo que farían falta mais coidadores/as para atender as dúas quendas. Habería que facer probas PCR aos coidadores/as de educación especial. Porqué aos profesores/as si e aos coidadores/as non?. Faría falta un enfermeiro ou enfermeira en cada centro, como se pode cargar a responsabilidade sanitaria aos profesores/as?. Faría falta unha pasarela cuberta de acceso aos colexios, agora hai que deixar aos nenos/as na cancela da entrada, que vai pasar os días que chova xa que aquí os invernos son moi longos.

Na segunda quenda o voceiro do grupo PP di que non está de acordo co que din vostedes, están atacando a Xunta de Galicia solo e exclusivamente porque quen manda na Xunta é o Partido Popular.

Non é que haxa un novo protocolo o que pasa é que a Xunta está aberta a posibles cambios segundo as circunstancias que veñan, haberá un reforzo de profesorado que suporá un incremento de docentes nas aulas, tamén habilitaran novas aulas nos centros que o precisen segundo as necesidades de cada centro.

Haberá unha xestión de posibles brotes que as autoridades sanitarias definiran segundo as circunstancias de cada centro educativo, por iso hai aulas pechadas. Todo isto farase en función do número de contaxios que determinan o peche na súa totalidade ou de varias aulas. Si aquí en Guitiriz ou Parga si se necesitasen mais aulas terán que habilitarse aulas noutros sitios, como por exemplo na Casa Habanera e para iso terá que colaborar o concello de Guitiriz.

O que ten que facer o goberno do partido socialista e pedir, e non se pode pretender que faga todo a Xunta, os concellos segundo as súas posibilidades tamén poden facer algo. O que non se pode é facer política ca Covid, deberíamos estar todos/as

Concello de Guitiriz





Concello de Guitiriz

unidos/as, todos/as a unha.

A Sra. Alcaldesa di que reafirmase no que dixen antes, encantaríame ter unha resolución da Xunta onde se poña de manifesto que polo esforzo que estamos a facer nos centros de ensino, competencia da Xunta, que se nos vai a compensar este esforzo a maiores.

Mañá mesmo diríxome as Consellaría de Educación e de Sanidade valorando o custe que me supón a maiores a limpeza segundo este protocolo para pedirles os fondos correspondentes. Si me contestan afirmativamente para transferir os fondos ou recoñecelos, aínda que tarden meses en transferilos, no seguinte Pleno dareille a razón ao portavoz do PP.

Repito que o que temos neste momento é que estamos a asumir o gasto dunha limpeza a maiores nos dous centros educativos, por non falar do servizo de madrugadores que era un servizo que prestaba o concello e que o vai seguir prestando, nin do PAI, nin do Centro de Día que con este protocolo tamén supón moito mais gasto, pero disto xa non vou falar.

O voceiro do grupo BNG di que o xoves 27 de agosto houbo unha xuntanza entre o Goberno e as Comunidades Autónomas e na que quedou mais que claro que o protocolo da Xunta non cumpría a normativa da ONS. A Xunta viuse obrigada a rectificar as medidas centrais como a distancia de seguridade. O protocolo non había por onde collelo. Afortunadamente aquí non nos fai falta desdobrar, non fan falta mais profesores/as, de momento, porque isto que di a Xunta dun incremento de 1000 profesores/as é falso, o profesorado que din que contrataran era do Programa Arco, financiado polo Fondo Social Europeo, estes profesores/as fan labores de apoio polas tardes. Os outros 271 profesores xa facían ese traballo o ano pasado é son de reforzo.

Esta claro que o que ten que facer a Xunta o acaba de dicir a Sra. Alcaldesa, mandar os cartos para facer o que xa se esta facendo nos colexios de Parga e Guitiriz e que manden mascarillas gratuítas non so para Guitiriz senón para todos os colexios.

Sometido o asunto a votación é aprobado por 8 votos a favor dos grupos PSOE e BNG, e 5 abstencións do grupo PP.

Moción do grupo PP sobre a rúa do Mercado. Expediente 953/2020.

Desfavorable

Tipo de votación: Ordinaria
A favor: 5, En contra: 8,
Abstencións: 0, Ausentes: 0

A moción, ditaminada favorablemente pola comisión informativa de asuntos do Pleno de data 21/09/2020, é a seguinte:

*"Don Xosé María Teixido Núñez, voceiro do Grupo Municipal do Partido Popular no Concello de Guitiriz, ao abeiro do establecido pola Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, e o artigo 97 do R.D. 2568/1986, de 29 de novembro, presenta para o seu debate e aprobación no Pleno, a seguinte **MOCIÓN***

Concello de Guitiriz





Concello de Guitiriz

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A rúa do Mercado é como todos vostedes saben parte da estrada provincial (LU-P2301) que vai dende Guitiriz ata Os Vilares, máis da tamén saída a estrada (LU-P2304), que vai dende a saída da Praza de Santa María ata o lugar de esparcemento e lecer dos Sete Muiños, que fai cruce coa rúa Boa Veciña, e ademais da paso tamén para a rúa Sesulfe, onde vive moita xente que protestou, xunto coa que vive na mesma praza, incluso da propia rúa Boa Veciña e colindantes.

En tempos pretéritos, sendo alcaldesa Regina Polín, converteu esta rúa que levaba aberta ao tráfico toda a súa vida en peonil, enganando a veciñanza, sobre todo, os veciños próximos a ela, sen contar co que lle dixeran, que era todo o contrario ao que ela pensaba.

Sendo alcalde presidente deste Concello o Sr. Teixido cumpriu, non só, co prometido aos veciños, se non co que a maioría de eles pedían, a supresión peonil e convertela en paso de vehículos e peóns.

¿Por qué? Pois porque era necesario facela por converter a Sra. Polín a rúa Deputación nunha soa dirección, mentres a rúa Terra Cha, que vai dende a Nacional VI ata a rúa Boa Veciña, tiña e ten dobre circulación, facendo que a circulación foise máis lenta, un caos nos días de mercado, se non que calquera que vivise do outro lado da Nacional VI, tivese que dar moitísima volta para chegar aos seus domicilios habituais.

Esa rúa foi arranxada perfectamente na época do Sr. Teixido, deixando separación peonil para os viandantes, protexidos polos bolardos. Máis a día de hoxe a rúa atopase nun estado pésimo sen pretender en ningures o seu arranxo. As pedras están rompidas e algunhas esnaquizadas, os bolardos faltan ou están en malas condicións moitos de eles.

O Partido Popular de Guitiriz ao longo da lexislatura pasada pediu en varios plenos, unhas veces nos rogos e outras nas preguntas que se arranxara, máis a resposta por parte do Goberno da señora Polín sempre foi o silencio.

Nos pensamos que isto é unha medida política, pois a Sra. Polín fastidouille moito que deixase de ser peonil.

Ela non viu outra cousa que iso, pois importoulle pouco os negocios e os veciños, só as súas ideas.

Por todo elo, elevase ao Pleno esta **MOCIÓN**, na que se propoñen os seguintes **ACORDOS**.

Durante esta lexislatura xa se lle pediu unas dúas veces ou tres que se arranxase

Concello de Guitiriz





Concello de Guitiriz

esta rúa a actual alcaldesa presidenta deste Concello, máis a Sra. Morandeira parece querer seguir as mesmas directrices que a anterior, escoitar educadamente, calar e non facer nada.

Saiba Sra. Morandeira que o día que haxa un accidente por culpa do mal estado da rúa, vostede e o seu Grupo de Goberno farán culpable a este Consistorio, polo tanto, arranxe a rúa Sra. Morandeira, arránxea xa, non por nos, se non polos veciños e polas xentes que veñen a mercadear a Guitiriz de cotiá."

Aberto o debate pola presidencia o voceiro do grupo BNG di que parécenos unha falta de respecto de cara os veciñas e veciños que nos opuxemos a re-apertura Da circulación total de vehículos, ademais ven a darnos a razón de que era unha chapuza o que fixo o Sr. Teixido co apoio do Sr. Veres. Podemos dicirlle que o advertimos mais de 500 veces polo menos.

Ademais é unha moción sen propostas de acordo, vostede quixo facer un rogo e equivocouse o poñerlle o título.

E unha chapuza de moción como foi no seu momento unha chapuza construtiva e política, dun alcalde que enterrou 24.000 euros daquela na rúa do mercado, e agora solicitan un amaño, tanto ou mais caro.

Temos que dicirlles que xa a vai arranxar a Deputación, dende o punto km. 0 ata o punto Km. 0,92 e tamén vai a arranxar a de Parga LU-P-2305 dende Parga ata a Pena Moscosa, aquí vai facer 1,95 km. ambas as dúas tiveron unha licitación de 70.070 euros, e está adxudicada dende o 29 de maio, que por certo pechárona hoxe a circulación para amañala, non me diga que non sabía isto porque o deixa mal, e si o sabía é de oportunista.

Dende o BNG de Guitiriz estamos a favor de que sexa peonil, pero sempre e cando se busque unha alternativa para a circulación da estrada dos Vilares, e para a circulación de vehículos para todo o barrio do Campo da Feira e para a aldea de Sesulfe. Estamos dicindo o mesmo que dixemos cando o Sr. Teixido fixo a chapuza e a volveu a abrir o tráfico rodado.

Na anterior maioría que tivo o PSOE a Sr. Polín no ano 2010 a convérteo en peonil sen consultar con ninguén, mal feito.

No 2011 cando no BNG recuperamos a presenza nesta corporación, opinamos que non queríamos desfacer o feito, aínda que non estaba a gusto de todos/as, porque considerábamos e seguimos considerando que para pechar unha rúa, neste caso unha estrada da deputación, primeiro hai que falar cos veciños/as e despois buscar alternativas a circulación.

Entón propoñíamos abrir a rúa marcada no Plan Xeral que está proxectada en forma de Y e que une a nacional VI mesmo despois do bar Avenida e vai saír a rúa Boa Veciña e coa galla que sae o Campo da Feira, despois mesmo do bar Ramiro, esta era a nosa alternativa de aquela, e sigue sendo, e mais agora que temos aprobado o PXOM.

A Sra. Alcaldesa di que isto non é unha moción, debería de ser un rogo, porque unha moción ten que ter algo para debater e isto non ten nada que debater.

Teño que dicir que na primeira visita que fixen ao Presidente da Deputación como alcaldesa, pendinlle que arranxase a Rúa do Mercado porque xa naquel momento estaba nunhas condicións deplorables. Pero porque estaba así?. Porque unha rúa

Concello de Guitiriz





Concello de Guitiriz

que se fixo cos cartos de todos/as para que a rúa foise peonil, chegou a seguinte corporación e decidiu abrila ao trafico rodado, a rúa non foi feita para o trafico rodado e de aí vén o estado actual desta rúa.

Como dixo o portavoz do BNG, esta rúa está adxudicada dende o 29 de maio e supoño que o Sr. Penas sabe que están a traballar hoxe na rúa, pero como a moción estaba presentada había que lela, de todas formas non ten contido para unha moción, debería ser un rogo.

Na segunda quenda, o voceiro do grupo PP di que o Partido Popular non estamos en contra de que haxa rúas peonís, estamos a favor.

O portavoz do BNG dixo que habería que falar coa veciñanza e logo buscar alternativas, pois nós dicimos o contrario, primeiro buscar alternativas e logo falar coa veciñanza. Tal como esta Guitiriz feito, non ten alternativas mentres non se fagan rúas que vaian dende a N-VI dividida en distintas rúas ou avenidas que vaian para outras zonas, porque sinon a zona norte ou a zona sur e un embude.

Por outra parte Sra. Alcaldesa, decateime hoxe de que pecharán a rúa para facer obras na Rúa do Mercado.

Dicir tamén que entre a lexislatura pasada e esta, temos unha morea de rogos e preguntas con respecto ao arranxo da Rúa de Mercado.

O voceiro do grupo BNG di que tanto me dá que primeiro se fale cos/as veciños/as como que se busquen alternativas, a cuestión é que se arranxe. En definitiva, vaise arranxar e supoño que quedará como está, aberta a circulación. O BNG nunca vai pedir que sexa peonil esa rúa mentres non se busquen alternativas.

A Sra. Alcaldesa dique nada máis que dicir, eu creo que nalgún outro pleno xa dixeran que se fixera a petición a Deputación é que esta acordara arranxala. Eu sabía que se ía arranxar, que en canto se puidese se ían a levar a cabo as obras.

Repito que isto non é unha moción, é un rogo, rogo que queda atendido.

Remata o portavoz do PP dicindo que para eles e unha alegría que se arranxe a rúa.

Sometido o asunto a votación é rexeitadoor 8 votos en contra dos grupos PSOE e BNG, e 5 votos a favor do grupo PP.

Moción do grupo PP sobre dúas pontes en Trasparga. Expediente 954/2020.

Desfavorable

Tipo de votación: Ordinaria
A favor: 6, En contra: 7,
Abstencións: 0, Ausentes: 0

A moción, ditaminada favorablemente pola comisión informativa de asuntos do Pleno de data 21/09/2020, é a seguinte:

"Don Xosé María Teixido Núñez, voceiro do Grupo Municipal do Partido Popular no Concello de Guitiriz, ao abeiro do establecido pola Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, e o artigo 97 do R.D. 2568/1986, de 29 de novembro, presenta para o seu debate e aprobación no Pleno, a seguinte MOCIÓN

Concello de Guitiriz





Concello de Guitiriz

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Nas parroquias de Santiago de Trasparga atópanse dous pontes que atravesan o río Pequeno e que se atopan nas seguintes condicións.

A primeira de elas está na estrada municipal asfaltada que vai dende a igrexa parroquial de Santiago de Trasparga ata a estrada que vai dende o lugar da Moscosa ata a estrada de Guitiriz aos Vilares, a carón do barrio de Baxoi na mesma parroquia. Esta atopase sen demarcación ningunha, sen ningún tipo de protección e pensamos que hai que ancheala debido aos camións e tractores que por ela discurren xa que estes hoxe en día son moito máis grandes dos que pasaban por ela fai uns anos e, por outra banda reparar os posibles desperfectos que nela se encontren.

A segunda ponte na mesma parroquia está no camiño municipal sen asfaltar que vai dende a estrada da Moscosa a estrada de Guitiriz aos Vilares. Tamén moi preto do barrio de Baxoi e, que vai saír ao lugar da Casanova pertencente a parroquia de San Salvador de Parga. Esta ponte atopase nun deterioro dun 90%, practicamente na súa totalidade, hai que derrubala e facer outra nova.

No barrio de Ferreira pertencente a parroquia de Santo Estevo da Pobra de Parga, hai unha ponte que atravesa o río Ladroil e, que comunica este barrio coa parroquia de San Xiao de Becín, atopase en moi mal estado e, é necesario a súa recuperación sobre todo na ribeira de Becín.

Por último, preto do lugar do Barreiro, pertencente a parroquia de San Xoán de Lagostelle, atopase unha ponte sobre o río Ladroil que se encontra case na súa totalidade desfeita e que tamén é necesario arranxar, aínda que hai unha pequena parte por onde algúns condutores cruzan por ela arriscando a súa vida, preguntámonos que podería ocorrer se hai un desenlace fatal, xa que as medidas de seguridade impostas polo concello son mínimas. Que saiban os concelleiros todos que, o responsable vai ser o noso Concello si esas medidas de prohibición non se axustan a dereito como así parece.

Por todo elo, elevase ao Pleno esta MOCIÓN, na que se propoñen os seguintes ACORDOS.

1º.- Arranxar as pontes que se poidan tales como a de Ferreira e, a que está na estrada que parte da igrexa parroquial de Santiago de Trasparga, revisando os seus posibles fallos, anchear esta última e protexer as súas beiras.

2º.- As outras dúas, a que vai para San Salvador de Parga, e a que vai dende Montemeá, parroquia de Santo Estevo de Parga, ata O Barreiro e o camiño que vai ao Balneario de Guitiriz, sitos na parroquia de San Xoán de Lagostelle, na súa totalidade, derrubando o que hai construído e facelas de novo, e sempre cun só

Concello de Guitiriz





Concello de Guitiriz

arco, para evitar catástrofes climatolóxicas fortes, pois o que se atopa ata o de agora son tubos que se atorán pechando e estreitando os condutos da saída da auga, de maneira que impida o paso da auga e revente a ponte.

Non sabemos a quen se lle ocorreu, en tempos pretéritos estas malas práxis na súa construción e, por iso, pedimos que non se repitan, polo tanto, Sra. Alcaldesa, Señoritas e Señores Concelleiros que están no Goberno deste Concello, se fagan as pontes cun só arco, xa que así facilitaría o paso da auga e das polas, troncos, carrochos, pedras grandes que poidan arrastrar as augas nas frecuentes enchendas de auga que hai periodicamente na nosa terra, algúns anos varias veces, e se non se constrúen en condicións van minando e desfacendo as nosas pontes, necesarias para a vida laboral e social das nosas xentes que as cruzan de maneira cotiá para non ter que dar grandes recorridos podendo chegar axiña as súas leiras, piñeirais, etc, como ocorre con xentes da parroquia de San Estebo de Parga e de San Xiao de Becín que tendo terras cara O Barreiro, teñen que dar unha volta de moitísimos quilómetros podendo achegar a elas asíña tendo a ponte en perfectas condicións."

Aberto o debate pola presidencia o voceiro do grupo BNG di que nesta ocasión si lle vamos a dar a razón e vou votar a favor, a maioría destas pontes que vostede menciona xa viñeron a Pleno en forma de rogos varias veces. Estamos con vostede en que hai que amañalas pero xa ve, non están por iso.

E unha vergoña ter a ponte de Ferreira ou a ponte de Montemeá en ese estado, porque non estamos a falar duns meses, estamos a falar de anos. Con respecto o que di de amplialas oxalá, pero non é soamente a que vostede menciona eu penso que son a maioría das pontes que temos nas estradas e camiños municipais do Concello.

Todos sabemos que os tractores e a maquinaria agrícola cada vez son mais grandes e pónsenos os pelos de punta cando nos cruzamos no coche con calquera destas máquinas. Pero tamén vemos que cando se aglomeran as estradas municipais cada vez as deixan mais estreitas e perigosas, cando debería ser o contrario. Non é doado de amañar as estradas e as pontes menos e estas non están a altura do progreso da maquinaria.

A Sra. Alcaldesa di que para arranxar as pontes hai que buscar financiación, facer os proxectos e contar cos permisos sectoriais.

Neste momento temos buscado a financiación para arranxar a do Barreiro, que é a que leva mais tempo estragada e esta moi perigosa. Xa están os orzamentos, a empresa buscada e os permisos concedidos, co que se vai a proceder ao seu arranxo.

Respecto a de Trasparga que non ten varandas, foi debido a un accidente de tráfico, reclamámoslle ao seguro e o seguro fixo o ingreso e vaise a proceder a súa colocación.

Respecto a segunda de Trasparga, non nos parece que teña prioridade xa que hai servizo por algún outro lado.

E por último, o arranxo das outras irémolo facendo a medida de que dispoñamos de crédito necesario e dos permisos pertinentes.

En canto a como as imos a arranxar, serán os técnicos redactores dos proxectos os que digan como temos que facelo e como se deben de arranxar.

Na segunda quenda, o voceiro do grupo PP di que a ponte que vai a San Salvador

Concello de Guitiriz





Concello de Guitiriz

desfíxose por unha razón, porque esta feita con tubos que se atorán e acaban rebentando tarde ou cedo. Coa ponte do Barreiro tamén pasa o mesmo. Estas dúas son as que peor están.

A terceira que peor esta é a que pasa de Ferreira de Parga a Becín e na última falta que se poñan as medidas de seguridade. A que vai dende Trasparga, dende a igrexa, a Baxoi tamén ten tubos e calquera día pasa o mesmo. Por iso puxemos que a parte das sinalizacións sería convinte arranxala si se pode.

O voceiro do grupo BNG di que estamos de acordo en que hai que arranxalas.

A Sra. Alcaldesa di que estamos de acordo que hai que arranxalas e iranse arranxando segundo as prioridades establecidas e a medida que haxa crédito para facelo.

Sometido o asunto a votación é rexeitado por 7 votos en contra do grupo PSOE e 6 votos a favor dos grupos PP e BNG.

Moción do grupo PP sobre a estrada de titularidade da Deputación Provincia de Lugo (LU-P2101) que vai dende Friol a Parga e atravesa o Barrio chamado do Buxio. Expte: 955/2020.

Desfavorable

Tipo de votación:
Ordinaria
A favor: 5, En
contra: 7,
Abstencións: 1,
Ausentes: 0

A moción, ditaminada favorablemente pola comisión informativa de asuntos do Pleno de data 21/09/2020, é a seguinte:

"Don Xosé María Teixido Núñez, voceiro do Grupo Municipal do Partido Popular no Concello de Guitiriz, ao abeiro do establecido pola Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, e o artigo 97 do R.D. 2568/1986, de 29 de novembro, presenta para o seu debate e aprobación no Pleno, a seguinte MOCIÓN

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Na vila de Parga atopase unha estrada de titularidade da Deputación Provincia de Lugo, (LU-P2101), que vai dende Friol a Parga, e atravesa o Barrio chamado do Buxio, antes de penetrar no centro da vila.

Coñecedores da importancia dese barrio xa que é un núdo de comunicación, ou un nexo de unión entre os barrios de A Pobra, Ferreira, A Chantada e O Covelo, todos

Concello de Guitiriz





Concello de Guitiriz

pertencentes a mesma parroquia, e por outra banda debido a grande circulación de vehículos, cada día máis abundosa, sobre todo, porque vai cara a estrada Nacional VI, (A Coruña Madrid), e a Autovía do Noroeste (A-6), que é unha das seis autovías radiais máis importantes de España, de ahí a súa importancia, e por outra banda a súa perigosidade para o paso das persoas, xa que hai dobre curva e atópanse dous cruces, o que vai a Ferreira e o do barrio de A Pobra, onde está o cemiterio e a igrexa parroquial de Santo Estebo de Parga, amén do Camiño de Santiago do Norte, que atravesa dita estrada (LU-P 2101), en dirección ao barrio de Ferreira, por onde transitan os peregrinos..

Por todo elo, elevase ao Pleno esta MOCIÓN, na que se propoñen os seguintes ACORDOS.

1º.- Debido a súa perigosidade, tanto para as persoas como para os vehículos, sobre todo camións, trailers e como non tractores, a súa estreiteza, e a súa dobre curva, pedimos, pois podese facer perfectamente, facer un desvío de estrada pola parte de atrás, entre os edificios do barrio do Buxio e a Fontanena, todo isto en línea reta que vaia saír a altura do barrio do Covelo.

2º.- Mentres non se faga esta nova dirección que pode abarcar pouco máis de medio quilometro, o Partido Popular de Guitiriz pide urxentemente que se fagan dous badenes feitos con asfalto, onde iran pintadas de raias brancas por onde pasarían as persoas e que estivese a altura do cruce a estrada de Ferreira para que sexa utilizado polos peregrinos que pasan dende o Barrio de A Pobra a Ferreira e cuxo nexo de unión é o barrio do Buxio, e o outro na dirección de Parga a Friol, un pouco antes de escomenzar as casas do barrio do Buxio.

3º.- Unha vez feito o desvío necesario, urxente, e con posibilidades de facerse, sempre que a Deputación Provincial de Lugo o considere, pois é posible facelo, e ademais e doado, e hai anchura suficiente para elo, pedimos que se fagan as beirarrúas polas dúas beiras, para facilitar o tránsito peonil e a súa seguridade dende a Ponte Medieval ata a entrada do barrio do Covelo, pasando polo barrio do Buxio.

Para finalizar queremos lembrarlle a Sra. Morandeira, como Alcaldesa-Presidenta deste Concello, que fai meses, nun pleno, o Partido Popular de Guitiriz, pediu o repintado, non existente aínda a día de hoxe, da estrada (LU-P 2101) de Parga a Friol, no tramo que vai dende a Ponte Medieval de Parga, ata a Granxa de Saa, sita na parroquia de Santa Locaia de Parga.

Aberto o debate pola presidencia o voceiro do grupo BNG di que o Sr. Penas déixanos abraiado coas redaccións que fai vostede, penso que se equivocou de afección. O seu non é estar nun pleno defendendo unhas ideas conservadoras e arcaicas como as que defende, o seu podería ser o de escritor, porque lle quedarían como anel o dedo, esas novelas en español e ambientadas no século XIX.

Vén vostede o Pleno para solicitar unha nova estrada en Parga ou unha nova rúa ao goberno do Concello de Guitiriz, non sei o que van opinar, pero lémbrese que

Concello de Guitiriz





Concello de Guitiriz

estiveron gobernando 4 anos e nin se lles pasou pola cabeza.

Mire, hai que facer expropiacións dos terreos, rede de sumidoiros, os servizos públicos que con leva, beirarrúas, en definitiva urbanizar uns terreos, para que?. Eu non sei si sabe que urbanizar uns terreos é para construír e vender as vivendas, ou para vender os solares, agora merécelles a pena os/as veciños/as? iso é o que hai que preguntarlles, porque son eles os que deciden.

Non sería mais acaída unha beirarrúa ou dúas ata a estrada de Ferreira, ou ata o remate do casco urbano?, sabemos que non hai moito sitio pero habería que facer un estudo e mirar si é posible. E por suposto limitar a velocidade dos vehículos, (que xa debe estar limitado a 50, pois igual hai que baixar a 40), para de algunha maneira protexer aos peóns e os peregrinos, esa sería unha idea progresista e moito mais interesante e adecuada que a que vostede propón, e que se podería levar a cabo si quere o equipo de goberno.

Tamén lle lembro que eliminar ou anhear as curvas da estrada municipal que vai dende Parga a San Breixo e aglomerala, como están outras estradas do concello, sería outra boa idea para presentar ao Pleno. Vostede fala de anhear as curvas do Buxío, a min paréceme que teñen o mesmo ancho que o resto da estrada que vai a Friol, e certo que en algún punto case chega as casas, o que pasa e que hai que ir mais amodo, unha porque xa é casco urbano e outra porque ten curvas moi pronunciadas.

A Sra. Alcadesa di que cree que este tramo en concreto non ten un índice de sinistralidade superior ao resto da estrada, é certo que é un tramo complicado, cunhas curvas pronunciadas, pero a maior parte dos vehículos circulan respectando os límites. Dada a inversión que habería que pedirlle a Deputación para facer este cambio de trazado igual aos veciños/as de Parga interésalles máis facer outro tipo de intervención, habería que falar con eles e preguntarlles.

Recórdolles ao grupo do PP que eles a través do seu grupo na Deputación tamén poden facer chegar este tipo de peticións, non necesitan facelo a través do concello. Con respecto ao que fala do pintado da estrada, trasladei a petición a Deputación e espero que o leven a cabo igual que o fixeron con outras peticións de propuxen. Nesta petición incluín o arranxo dese tramo da estrada de Sambreixo que esta tamén en moi mal estado. Hoxe mesmo reiterarei esta petición, o pintado desta estrada e tamén o repintado da estrada que vai de Guitiriz ao Merendero.

Na segunda quenda o voceiro do grupo PP di que paréceme moi ben que pida que repinten esas estrada e outras, e como di vostede na Deputación tamén hai un grupo socialista que tamén se pode encargar diso e así xa non se encargaría vostede.

A vostedes non lles importa Parga, votan en contra das mocións que presenta o PP polo simple feito de que quen as presenta e o Partido Popular e despois van e reúnen coa xente como fixeron a semana pasada, que foron vostede e Carlos Bujan a Avenida da Estación para ver cales eran os problemas para arranxar a rúa de abaixo e resulta que no mes de xullo votaron en contra da moción que presentou o PP.

Os que viven no Buxio tamén teñen dereito a ter beirarrúas e pasos de peóns ben feitos en asfalto quente, como se estar a facer noutros pobos como Castro Rivera de Lea ou Lugo xa que son máis seguros e non fan ruído.

Os de Parga temos dereitos a que se fagan rúas en Parga e as rúas que levan feitas moitos anos que teñan beirarrúas e a ter xardíns, como hai en Guitiriz, en Parga non se ve nin unha flor.

Concello de Guitiriz





Concello de Guitiriz

Parga é unha vila que ten que ser considerada como tal e ter beirarrúas, por certo hai que facer as beirarrúas que vaian ao Campo de fútbol que xa o prometera a Sra. Polín.

A Sra. Alcaldesa confirma que a mesma empresa que está arranxando a Rúa do Mercado vai facer as beirarrúas pola estrada que vai a Moscosa. Sr. Penas dereitos a ter beirarrúas e servizos teñen todos/as os que viven en todas e cada unha das parroquias deste concello. Non estamos aquí para discutir si os de Parga teñen ou non teñen dereito. Este equipo de goberno non lle está sacando ningún dereito aos veciños/as de Parga, fixéronse moitas cousas en Parga e aínda se poden facer máis, pero hai mais parroquias e intentamos cubrir as necesidades de todos/as os/as veciños/as.

O voceiro do grupo BNG di que Parga aínda é un pobo como ten que ser, non está desfeito como esta Guitiriz. Como está Parga é unha marabilla, pero como mellor se colabora con Parga e abrindo o Centro Médico, vaian a Santiago a xunto do Sr. Feijoo e díganlle que hai que abrir o centro de saúde de Parga.

O voceiro do grupo PP di que en primeiro lugar nós estamos a favor de que se abra o centro de saúde de Parga e sempre o estaremos, pero tamén vemos que Parga non é unha parroquia como outra, é unha vila, cunha parte rural e unha parte urbana. A Sra. Alcaldesa di que non vai consentir que alguén diga que este equipo de goberno ten algo en contra de Parga.

Sometido o asunto a votación é rexeitado por 7 votos en contra do grupo PSOE, 5 votos a favor do grupo PP, e 1 abstención do grupo BNG.

Moción do grupo PSOE sobre o centro de saúde de Parga. Expediente 977/2020.

Favorable

Tipo de votación:
Unanimidade/Asentimento

A moción, do grupo PSOE, ditaminada favorablemente pola comisión informativa de asuntos do Pleno de data 21/09/2020, é a seguinte:

"Dona María Sol Morandeira Morandeira, voceira do Grupo Municipal do PSOE-PSdeG de Guitiriz, ao abeiro do establecido pola Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, e o artigo 97 do R.D. 2568/1986, de 29 de novembro, presenta para o seu debate e aprobación no pleno, a seguinte MOCION:

EXPOSICION DE MOTIVOS

Dende o comezo da crise sanitaria xerada polo coronavirus, o concello de Guitiriz ven actuando guiado pola lealdade institucional, cooperando co

Concello de Guitiriz





Concello de Guitiriz

resto das administracións do Estado, especialmente as autoridades autonómicas. Por iso aceptamos, por exemplo, a proposta formulada polo Sergas de trasladar temporalmente ó persoal sanitario que presta servizos no consultorio de Parga - dous médicos e un ATS - ó centro de Saúde de Guitiriz. Entendíamos que nese momento, a concentración do persoal sanitario podía contribuír a mellorar a xestión das medidas necesarias durante a pandemia.

Pero esta lealdade institucional ten un obxectivo irrenunciábel: contribuír á defensa da saúde dos nosos veciños e garantir o acceso de todos a uns servizos sanitarios públicos de calidade, en condicións de igualdade. Por iso denunciámos o pasado mes de xullo a situación que estaba a atravesar o consultorio de Parga, e que non se repuxeran alí os servizos que se viñan prestando antes da pandemia, nun momento no que esta parecía ter remitido.

Deste mesmo xeito, temos que lembrar que a lealdade institucional amosada polo concello non ven sendo recoñecido polo Sergas tampouco no que fai á política de persoal. Dende hai xa varias semanas, o centro de saúde de Guitiriz conta cun médico de baixa por enfermidade. Esta baixa non foi cuberta polo Sergas, que non tivo en conta nin a situación sanitaria excepcional que vivimos estes meses, nin que a idade deste profesional o sitúa ás portas da xubilación, co que non parece probable que se reincorpore ó seu posto de traballo.

Esta baixa laboral supón reducir de 3 a 2 os médicos presentes no centro de saúde, ca consecuente sobrecarga de traballo que isto supón e o prexuízo que isto carrega ós veciños. A situación chegou a un punto límite o pasado xoves 17 de setembro no que, por mor das quendas de vacacións e a necesidade de coller un día libre doutro dos docentes, o centro quedou sen servizo médico durante unhas horas.

Parece inconcebible que en pleno século XXI, un concello como Guitiriz quede sin atención médica durante varias horas, debido a unha xestión de persoal ineficiente, que non atende ás necesidades dos veciños e que aposta polos pequenos aforros como antesala dos grandes recortes. Por todo isto, o Grupo Socialista do Concello de Guitiriz presenta ó pleno esta moción para:

- Esixir ó Sergas que cubra a baixa da praza de médico no centro de saúde de Guitiriz
- Instar ó Sergas a facer unha avaliación da situación da cadro de persoal do citado centro, xa que outra das doutoras que prestan agora servizo, está tamén preto da idade de xubilación"

Concello de Guitiriz





Concello de Guitiriz

Aberto o debate pola presidencia o voceiro do grupo PP di que o partifo popular de Guitiriz e coñecedor dos problemas que están a xurdir, non só no noso Concello, se non na nosa Comunidade e no resto das comunidades autónomas que conforman España, como é a falla de médicos nos ambulatorios.

Isto é unha cousa e outra moi distinta, facer crítica, nada constructiva e sen sentido, do proceder dos médicos do ambulatorio de Guitiriz que se ausentaron un par de horas para teren que ir a distintas urxencias e non quedar ningún médico no ambulatorio.

Os médicos cumpriron co seu deber, e se en vez de dous médicos houberse catro, e estivesen nun momento determinado, unha hora, dúas, etc asistindo a urxencias e cumprindo co seu deber, non ven ao caso aproveitar este intre para facer e presentar unha moción pola falta de médicos no ambulatorio nun momento determinado.

Sra. Alcaldesa, cando vostede chega a urxencias dun hospital, hai un médico/a ou un enfermeiro/a que revisa a posible urxencia, e segundo a urxencia de cada paciente entra primeiro o máis grave e en último lugar o que menos urxencia ten, e ao mellor espera pouco tempo e ao peor dúas horas ou máis para que o atendan. Polo tanto, o ambulatorio de Guitiriz non quedou pechado, quedou con persoal preparado técnicamente dende o punto de vista sanitario, como son os enfermeiros e, dende o punto de vista administrativo como son os técnicos e administrativos que traballan no ambulatorio, para cando se dan eses casos, atendelos se se pode, esperar a que regresen pois a urxencia non é grave, ou ben, chamar dende o ambulatorio, ao 061 e este ordenara por medio do Coordinador de dito Centro Asistencial as medidas a adoptar, mandar unha ambulancia para que o leven a Lugo, a Vilalba, ou incluso se fose necesario a A Coruña, todo isto, craro esta, segundo a gravidade do paciente.

Van vostedes de agora en adiante a perseguir onde andan os médicos, se saíron a unha urxencia ou se están a tomar un café, ou se chegaron cinco minutos máis tarde ou se retrasaron no café oito minutos.

Nós, os do Partido Popular estamos dispostos a votar afirmativamente esta moción que presentan, sempre e cando, eliminen de esa moción os temas das urxencias que poden xurdir máis dunha vez, pois tamén xurdían antes do COVID-19, e por iso non ten porque haber problemas.

Polo tanto, se están dispostos a facer unha emenda e retirar esa parte e deixar só que están a favor de que haxa máis médicos no ambulatorio, votaremos si, se non, cambiaremos o voto.

O voceiro do grupo BNG di que quere enriquecer esta moción, engandindo despois do cuarto parágrafo da exposición de motivos o seguinte:

“Esta situación deixa as clara o que viñamos denunciando dende o ambito social e institucional deste concello porque era certo, a decisión do peche do consultorio de Parga non supuxo ningún beneficio organizativo e só xerou disfuncións que empeoran sustancialmente a calidade do servizo”

E engadir despois do primeiro punto dos acordos, “e cubrir a si mesmo todas as vacantes actuais e que se volva a dotar ao Centro de Saúde de Parga do persoal que ali traballaba antes da crise do Covid 19 co fin de desconxestionar o Centro de Saúde de Guitiriz repartindo a carga de traballo”. Iso é o que queremos engadir na moción si o estiman oportuno.

Concello de Guitiriz





Concello de Guitiriz

A Sra. Alcaldesa respondelle ao portavoz do PP dicíndolle que non intente trexiversar esta moción, porque non vai en contra dos médicos, nin moito menos. Xa dixen aquí varias veces que a situación na Comunidade Autónoma non chegou a ser máis grave do que puido ter sido grazas aos profesionais sanitarios que temos, aos que hai que aplaudirles porque moitas veces traballaron en condicións de moita dificultade.

Se fala cos médicos do Centro de Saúde diránlle que eles tamen están preocupados/as por esta política de persoal, porque non cobren estas prazas que se teñen que cubrir. O centro de saúde de Guitiriz, non hai moito tempo, tiña catro facultativos, dos cales un trasladouse e esa praza nunca se cubriu, e dicir, quedou con tres facultativos e dous máis no centro de saúde de Parga.

Neste momento, dende o estado de alarma, un facultativo do centro médico de Guitiriz atopase de baixa, pero ademais ese médico non se vai a incorporar porque esta preto da xubilación, pero nós non temos a garantía de que esa praza se vaia a cubrir pese a que nalgunha reunión mantida en relación co peche do centro de saúde de Parga o Director Médico dixo que as xubilacións si se cubrirían.

Por outro lado, outra das médicas que está no centro de saúde de Guitiriz está tamén próxima a xubilación, e dicir, imos pasar de ter cinco facultativos a quedar con tres e isto non debemos permitilo.

A saúde é o máis importante, co cual debemos esixir a Xunta de Galiza a través do Sergas que nós comuniquen a política de persoal que se vai levar a cabo no noso centro de saúde e que nos garanta que se van cubrir esas dúas xubilacións e ademais que se reabra o centro de saúde de Parga.

Na segunda quenda, o voceiro do grupo PP di que esta moción púidose presentar sin ter que falar da urxencia, porque aínda que houbera catro médicos podíase dar unha urxencia e quedar o ambulatorio sen médicos.

Todos estamos de acordo que ten que haber máis médicos e que ten que reabrir o centro de saúde de Parga, porque para Parga e fundamental que reabra o consultorio.

A alcaldesa respóndelle que o que o PP pide é que non conste na moción que o centro médico quedou sen servizo médico durante unhas horas.

O voceiro do grupo BNG que o que propón o portavoz do PP e omitir a verdade e iso non pode ser.

A Sra. Alcaldesa sinala que se pode reformular a moción sacándolle o de que “a situación chegou a un punto límite” tal como propón o portavoz do PP e engadir a emenda que propuxo o portavoz do BNG.

Sometidas a votación as emendas dos grupos BNG e PP son aprobadas por unanimidade, quedando a moción emendada do seguinte tenor literal:

<<EXPOSICION DE MOTIVOS

Dende o comezo da crise sanitaria xerada polo coronavirus, o concello de Guitiriz ven actuando guiado pola lealdade institucional, cooperando co resto das administracións do Estado, especialmente cas autoridades autonómicas. Por iso

Concello de Guitiriz





Concello de Guitiriz

aceptamos, por exemplo, a proposta formulada polo Sergas de trasladar temporalmente ó persoal sanitario que presta servizos no consultorio de Parga – dous médicos e un ATS - ó centro de Saúde de Guitiriz. Entendíamos que nese momento, a concentración do persoal sanitario podía contribuir a mellorar a xestión das medidas necesarias durante a pandemia.

Pero esta lealdade institucional ten un obxectivo irrenunciable: contribuir á defensa da saúde dos nosos veciños e garantir o acceso de todos a uns servizos sanitarios públicos de calidade, en condicións de igualdade. Por iso denunciámos o pasado mes de xullo a situación que estaba a atravesar o consultorio de Parga, e que non se repuxeran alí os servizos que se viñan prestando antes da pandemia, nun momento no que esta parecía ter remitido.

Deste mesmo xeito, temos que lembrar que a lealdade institucional amosada polo concello non ven sendo recoñecido polo Sergas tampouco no que fai á política de persoal. Dende hai xa varias semanas, o centro de saúde de Guitiriz conta cun médico de baixa por enfermidade. Esta baixa non foi cuberta polo Sergas, que non tivo en conta nin a situación sanitaria excepcional que vivimos estes meses, nin que a idade deste profesional o sitúa ás portas da xubilación, co que non parece probable que se reincorpore ó seu posto de traballo.

Esta baixa laboral supón reducir de 3 a 2 os médicos presentes no centro de saúde, ca consecuente sobrecarga de traballo que isto supón e o prexuízo que isto carrega ós veciños. O pasado xoves 17 de setembro no que, por mor das quendas de vacacións e a necesidade de coller un día libre doutro dos docentes, o centro quedou sen servizo médico durante unhas horas.

Esta situación deixa as clara o que viñamos denunciando dende o ámbito social e institucional deste concello porque era certo, a decisión do peche do consultorio de Parga non supuxo ningún beneficio organizativo e só xerou disfuncións que empeoran sustancialmente a calidade do servizo.

Parece inconcebible que en pleno século XXI, un concello como Guitiriz quede sin atención médica durante varias horas, debido a unha xestión de persoal ineficiente, que non atende ás necesidades dos veciños e que aposta polos pequenos aforros como antesala dos grandes recortes. Por todo isto, o Grupo Socialista do Concello de Guitiriz presenta ó pleno esta moción para:

- 1. Solicitar ó Sergas que cubra a baixa da praza de médico no centro de saúde de Guitiriz e cubrir a si mesmo todas as vacantes actuais e que se volva a dotar ao Centro de Saúde de Parga do persoal que alí traballaba antes da crise do Covid 19 co fin de desconxestionar o Centro de Saúde de Guitiriz repartindo a carga de traballo.
- 2. Instar ó Sergas a facer unha avaliación da situación da cadro de persoal do citado centro, xa que outra das doutoras que prestan agora servizo, está tamén preto da idade de xubilación.>>

Sometido o asunto a votación é aprobado por unanimidade dos 13 membros da Corporación.

Concello de Guitiriz





Concello de Guitiriz

Trámite de urxencia	
Favorable	Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento
<p>A Sra. Alcaldesa xustifica a urxencia para tratar unha moción en apoio da petición do ANPA do Colexio Público Lagostelle de Guitiriz para que a Xunta de Galicia aumente o personal do comedor do centro pola crise da Covid-19.</p> <p>Sometida a votación a urxencia é aprobada por unanimidade dos 13 membros da Corporación, engadíndose á orde do día da sesión.</p>	

Moción de urxencia. Expediente 1006/2020.	
Favorable	Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento
<p>A moción de urxencia do grupo PSOE é a seguinte:</p> <p>Moción de urxencia en apoio da petición do ANPA o Colexio Público Lagostelle de Guitiriz</p> <p>Visto o escrito remitido ao Concello de Guitiriz pola Presidenta do ANPA do Colexio Público Lagostelle de Guitiriz do seguinte tenor literal:</p> <p>"(...) D^a Iria Vidal Bernárdez, con DNI 36.132.679-R, en calidade de Presidenta do ANPA do Colexio Público Lagostelle de Guitiriz,</p> <p>EXPÓN:</p> <ul style="list-style-type: none">- Que o noso Centro ten actualmente 210 usuarios do comedor.- Debido á pandemia da COVID-19 é necesario cumprir unhas medidas de distanciamento social e todas indicacións marcadas no Protocolo publicado para Consellería de Educación para evitar novos contaxios do virus e garantir unhas aulas seguras.- A hora do xantar e a utilización do Servicio de Comedor supoñen un momento extraordinariamente sensible dado que o alumnado debe retirar o tapabocas, polo que o respecto a distancia entre usuarios e usuarias faise imprescindible para protexer a súa saúde.- Todo o anterior provoca que no Comedor do noso Centro fáganse imprescindibles dúas quendas para atender a todos os usuarios e usuarias, o que supón automaticamente un aumento do traballo na cociña e no comedor polas necesidades de intendencia e hixiene o cumprimento do Protocolo dictado pola propia Consellería de Educación.- Tamén supón que o persoal colaborador-voluntario do Comedor debe dividirse entre as dúas quendas sendo a ratio de 5 colaboradores-voluntarios para atender a 105 usuarios. <p>Por todo o anterior, SOLICITO:</p> <ul style="list-style-type: none">- auméntese o persoal de cociña asignado ao servizo de Comedor do noso Centro.	

Concello de Guitiriz





Concello de Guitiriz

- auméntese o persoal colaborador-voluntario do Servizo de Comedor."

Proponse ao Pleno da Corporación a adopción do seguinte ACORDO:

PRIMEIRO.- Apoiar a petición do ANPA do Colexio Público Lagostelle de Guitiriz pola que solicita á Consellería de Educación que aumente o persoal de cociña asignado ao servizo de Comedor do Centro, e o persoal colaborador-voluntario do Servizo de Comedor.

SEGUNDO.- Comunicar o presente acordo á Xefatura territorial de Lugo da Consellería de educación da Xunta de Galicia.

Sometido o asunto a votación é aprobado por unanimidade dos 13 membros da Corporación.

B) ACTIVIDADE DE CONTROL

Non hai asuntos

C) ROGOS E PREGUNTAS

Pide a palabra o Sr. Teixido para que conste en acta que este Pleno parécelle un cachondeo por parte das persoas do equipo de goberno xa que parece que se están rindo de algunha persoa. Non me parece respectuoso e espero que non volva a suceder en plenos sucesivos.

ROGOS

Voceiro do grupo PP:

- 1.- Rogamos o arranxo inmediato dos verquidos ao río Forxá, pois as consecuencias están sendo moi graves.
- 2.-Rogamos se recolle máis a miúdo a papeleira que está ao carón da piscina dos

Concello de Guitiriz





Concello de Guitiriz

Sete Muiños, xa que está o lixo polo chan, invadida de moscas, dando unha imaxe nefasta.

3.- Rogamos se arranxe unha ponte de madeira que hai na ruta da auga, ao carón da Ponte da Retorta en Parga en dirección ao Piteiro.

4.- Rogamos que na entrada de Parga vindo dende Becín poñan o indicador de que se está entrando en Parga.

5º.- Rogamos que na estrada que vai cara a Becín dende Parga, a altura das casas coñecidas como dos franceses debido a súa perigosidade, por haber un cambio de rasante, poñer unha sinal de 50 por hora, xa que os coches pasan a moitísima velocidade, e como non hai beirarrúas e un perigo para os viandantes e ciclistas.

6.-Rogamos se corten os árbores que están a medrar na ponte medieval de Parga, co que van facer é mover as pedras as súas raíces e destruír parte da ponte como así ocorreu cun tallamar fai poucos meses que tiveron que arranxar.

7º.-Rogamos se repare a caseta dos taxistas, xa que isto da unha mala imaxe.

Voceiro do grupo BNG:

1º.- Rogamos ao equipo de goberno teñan en conta a moción presentada polo BNG no Pleno deste Concello o 30/3/2017 referente a oficina da Banca en Parga. Esta foi aprobada por unanimidade por todos os membros da Corporación, onde no seu punto 3º se dicía “ *Pechar as contas bancarias que o Concello posúa nesta entidade e deixar de empregar a mesma como entidade colaboradora na xestión e cobro de taxas e impostos por parte do Concello dende o día seguinte o peche da oficina de Parga*” neste caso sería “ *se non se restablece o horario normal da oficina*”, e non como está agora que só abre dúas horas o día.

2º.- Rogámoslle que non se grampen bandos do Concello en ningunha arbore. Cónstanos que se puxeron na carballeira en Parga.

3º.- Rogámoslle que se arranxe o pavimento das beirarrúas, en moitos sitios están levantadas as baldosas.

4º.- Rogámoslle que se poña un contedor de papel e cartóns enfrente a clínica médica de Guitiriz.

5º.- Rogamos se repoñan os bolardos que faltan na rúa do Concello e na Avd. da Coruña, para que non aparquen os automóbiles na beirarrúa.

6º.- Rogámoslle que nas publicacións da paxina web do Concello se especifique quen organiza os eventos, porque na maioría dos casos non se fai.

7º.- Rogamos por terceira ou cuarta vez, que se poña un espello para facilitar a

Concello de Guitiriz





Concello de Guitiriz

circulación e evitar accidentes na entrada o Pumariño de Labrada.

8º.- Rogámoslle Sra. Alcaldesa que non se volva a verter o río na limpeza e desatasco da estación de bombeo que hai no Forxá, si se atasca o compartimento que recolle directamente as augas fecais e as augas pluviais e negligencia do Concello por non facer a limpeza mais a miúdo do tanque de recepción, xa lle expuxemos que si o Concello recepcionou as obras feitas pola Cuenca Hidrográfica, agora e o responsable do funcionamento de dita obra. O día 14 e 15 deste mes hai xustamente 9 días volveuse a contaminar o río e morreron moitos peixes, por culpa de non facer as cousas a tempo, queremos advertir hoxe neste Pleno que o BNG de Guitiriz denunciará o Concello se se volve a repetir o vertido e a contaminación do noso río.

PREGUNTAS

Voceiro do grupo PP:

Preguntas pendentes de responder do Pleno anterior:

-Cantas demandas ten o concello neste momento?. Responde a alcaldesa que neste momento hai un total de 29. Aclara que en tres somos demandados colaterais xa que son en materia de seguridade social, incapacidade temporal e incapacidade permanente. Catro relacionadas co inventario de camiños e o resto son de traballadores/as (sete delas son dun mesmo traballador e catro doutro).

En relación a pregunta feita polo portavoz do PP en relación a canto custan esas demandas, a alcaldesa responde que a maior parte delas están soportadas polos servizos xurídicos da Deputación, solo hai dúas que non foron soportadas por eses servizos xurídicos e custaron sobre 7.000 € e que foron favorables para o concello.

-Cantos nenos/as participaron no campamento de verán? . Responde a alcaldesa que asistiron 19 nenos/as en tres quendas.

-Canto leva gastado o concello en defensa xurídica no ano 2019 e no que vai deste?. No que vai deste ano gastouse 3.000 € e no ano 2019 un total de 24.618 €, todo contratouse antes da nosa chegada ao goberno.

Preguntas deste Pleno:

1.-No mural que se fixo en Parga a un particular e cun importe de case 2.000 euros, concretamente 1.980 €, pagouna a totalidade o noso Concello?
Pagouse a medias entre a Comunicade de Veciños onde se fixo e o Concello.

2.- Hai dúas sancións da C.H.M.S. unha en Guitiriz e outra en Parga. A que son debidas?
A de Parga creo recordar que foi dun pequeno verquido de gasoil que houbo na zona da depuradora.

A de Guitiriz non o sei, contéstolle no seguinte Pleno.

Concello de Guitiriz





Concello de Guitiriz

3.- As subvencións de concesión directa que aprobaron en Xunta de Goberno Local o día 18 de setembro do ano en curso teñen que presentar memoria das distintas actividades?

Teñen que presentar memoria e unha xustificación do gasto coas actividades. Este ano case todos renunciaron porque non se puideron levar a cabo as actividades.

4.- Cantos nenos hai no PAI?

Non sei exactamente canto nenos/as temos este ano matriculados. Doulle o dato concreto para o seguinte Pleno.

5.- Hai lista de espera no Centro de Día?

Antes de que pechara con motivo do Covid si que había algunha persoa esperando pero agora estamos incorporando aos usuarios/as e houbo algún usuario/a que non quixo incorporarse e deuse algunha alta nova.

Doulle a resposta exacta para o próximo Pleno.

6.-Hai lista de espera no SAF, cantos en dependencia e cantos en libre concorrencia?

Si que hai lista de espera, pero sen mirar non sei cales son de dependencia ou libre concorrencia. Mirarei a data de hoxe cantas había e direillo.

7.- As Escolas Deportivas cando teñen previsto comezar?

No mes de outubro, como sempre.

8.- Cando vai comezar a Escola de Música?

Estamos xusto co proceso de adxudicación e comezará na primeira quincena de outubro.

9.-Por qué o Concello non comprou un kit para todos os nenos/as do noso concello, como así fixeron outros concellos da nosa contorna?

Non hai un motivo en concreto.

10.- Cando pensan arranxar as fochancas que hai na estrada que vai dende a Vila de Parga a Pedrafita pasando por Sambreixo?

Será unha das próximas actuacións que fagamos.

11.- Os focos que hai en Cercedo e noutros lugares vanse a cambiar?

Non, cámbiase o que é o núcleo de Parga e o núcleo de As Reixas nos Vilares, que é o que está incluído neste proxecto.

Pregunta o portavoz do PP, cando os van cambiar en Cercedo, Ferreira, A Proba e todo por aí?.

A medida que se vaia conseguindo financiación.

12.- Os bancos que se levaron da Rúa da Paz e na Rúa Valdovín, cando pensan poñelos de novo no seu sitio?

Estamos xestionando a compra de algún novo porque non todos tiñan arranxo e colocáremoslos novamente.

Concello de Guitiriz





Concello de Guitiriz

Comenta o portavoz do PP, que xa que van poñer algún novo, dicir que en Valdovín conviña que puxeran como mínimo outro máis.

13.- A falta de coordinación cando ardeu un tractor en Labrada, a que se debeu? Non foi falta de coordinación para nada. Ao Concello dende o 112 avísano cando é un incendio que afecta a unha casa ou a un núcleo onde hai persoas, cando son incendios forestais ou de algún vehículo non avisan.

Nós temos asinado un convenio para prevención e extinción de incendios, pero o condutor que temos depende directamente do distrito de Vilalba e non pode saír a ningún sitio sen contar con eles, e iso foi o que pasou, dende o distrito non lle deron a orde para saír e el non saíu.

Agora xa acordamos, despois de falar co distrito, unha serie de actuacións para que poida saír o condutor si volve a suceder.

Voceiro do grupo BNG:

1ª.- O día 17 de agosto ardeu un tractor en Labrada, vostede segundo a prensa asegura que non se recibiu comunicación no Concello, nun informe do 112 está demostrado que se avisou a protección civil de Guitiriz do incidente, e que 10 minutos mais tarde as 16:23 h. protección civil de Guitiriz avisou o 112 indicando que non había persoal no concello para saír o incendio. Foi un tractor que xa é abondo, e si chega a arder unha casa e hai vítimas?, é moi grave o acontecido, e de vergoña o mal que se están a xestionar as emerxencias no concello, explíquenos si pode o que pasou ese día.

O Concello non ten competencias en emerxencias, entón non pode ter persoal de emerxencias, polo que cos medios e persoal que temos acudiremos a onde podamos e intentaremos solucionar o que sexa posible.

2ª.- Oito días mais tarde ardeu outro tractor no parque empresarial de Guitiriz, esta vez si acudiu a motobomba, non serviu de nada porque tamén foi sinistro o tractor, díganos o que pasou?

A raíz do que pasou en Labrada o persoal que hai no concello que depende do distrito de Vilalba acordou con este, que si nalgún momento volvía a ver un incidente deste tipo, el mesmo comunicaría que iría a ese incidente e o distrito concedería ese permiso.

Despois do primeiro incidente estableceuse un protocolo que non existía ata ese momento.

3ª.- Pode dicirnos cantas emerxencias se rexistraron no Concello no mes de agosto. O Concello non ten competencias en emerxencias, nin rexistra as mesmas. O Portavoz do BNG responde que houbo oito.

4ª.- Para que usan operarios do concello o coche de Protección Civil. Si o coche esta libre o usan si o necesitan para algunha actuación. Nunca ocorreu que o 112 avisara a Protección Civil e cos coches non estiveran dispostos.

5ª.- Pode dicirnos si se seguen retirando do noso concello os niños de avésa

Concello de Guitiriz





Concello de Guitiriz

belutina, e si é así quen o fai.

Para retirar os niños de avéspera belutina ten un protocolo establecido a Xunta.

6ª.- Segundo os decretos do Concello, van a instalar saneamento na rúa Combariño, segundo os Planos de Ordenación Municipal este tramo de camiño é rústico, pode explicarnos esta obra.

Non se vai instalar unha nova, vaise substituír un tramo que xa existe.

7ª.- Nos decretos tamén ben unha sanción de 288 euros da Cuenca Hidrográfica Miño Sil en Guitiriz pode dicirnos onde foi este vertido e cando.

Xa dixen fai uns minutos que non o sabía.

8ª.- Para que se usa a grúa municipal ?, estamos pagando un seguro anual de 1.276 euros.

Cando hai Policía Local para retirar algún coche si é necesario, agora mesmo non hai Policía Local e polo tanto non se retirou ningún dende que eu estou.

9ª.- Hai unha factura de 7.068 euros de recollida de plásticos agrícolas, pode dicirnos de que punto limpo foi, porque a verdade e que non se lles nota o que baleiraron a ningún deles, baixo a miña opinión este asunto fóiselles das mans.

Estamos facendo un traballo enorme con eses puntos porque estaban que daban medo.

Non sei exactamente a que punto corresponde, xa o miro e dígoche. Tamén lle digo que estou tentada a pechalos porque a xente tira de todo, residuos de todo tipo. O técnico do concello opina que os puntos de acopio teñen que seguir estando operativos para ver si podemos poñelo o día.

10ª.- O sábado 12 de setembro celebrouse un slalom automobilístico en Guitiriz, por certo moi ben organizado e que baixo a miña opinión foi un éxito. Motivou pechar varias rúas do casco urbano, e por conseguinte varios negocios, porque non se ficho en domingo para evitar o peche de negocios, e canto lle costou o Concello?.

Non teño o dato exacto do que costou, míroo e dígoche no seguinte Pleno.

11ª.- Dende o día tres de xullo que rematou o prazo para presentar as solicitudes das axudas do Concello aos autónomos aínda están sen entregar, porqué non se axilizou este traballo.

Asinamos esta semana a primeira resolución de pagos provisionais, concretamente a 62, que recibirán os ingresos nos próximos días. Os que non van nesta resolución é porque se lle requiriu documentación e non a presentaron. Espero que nos próximos días se poda emitir outra resolución para facer as outras transferencias.

Teño que dicir que houbo moitas solicitudes e o persoal do concello necesitou tempo para miralas e houbo que requirir bastante documentación.

12ª.- Cantos casos activos de Covid-19 temos no concello o día de hoxe. Fíxose ou estase facendo separación do lixo que xeran estas persoas.

A día de hoxe exactamente non o sei, o luns 10.

Pregunta o portavoz do BNG si se fixo separación de lixo destas persoas que teñen

Concello de Guitiriz





Concello de Guitiriz

Covid? Responde a alcaldesa que no pode facelo porque non sabe que persoas son, na Consellaría non me proporciona eses datos polo tema de protección de datos.

13ª.- Sr. Alcaldesa aparece unha factura de 1.871 euros de publicidade do Concello na TVG, pode dicirnos que foi o que publicitou?

Publicitamos o noso Concello, con dous spots distintos para promocionalo, nos que aparecían distintos lugares do noso concello.

14ª.- Explíquenos o de "Vilas en Flor" da fundación Juana de Vega na que o concello pagou unha inscrición de 302 euros, díganos a que se dedica esta fundación e de onde é.

É un proxecto que se creou para facer unha valoración das vilas e así poder melloralas. O 1 de outubro vai vir unha comisión que vai facer un estudo do noso pobo, indicaranos cunha serie de items e cunha memoria o que se pode facer. Pareceunos un proxecto interesante, imos a probar.

Esa mesma fundación fai actuacións en moitas zonas do Camiño de Santiago, no noso concello fixo unha en Sambreixo e outra en Pigara.

15ª.- Este ano 2020 van a darse as subvencións nominativas previstas no orzamento deste ano, as asociacións que non puideron facer as súas actividades por culpa do Covid-19.

Como xa dixen antes os que fixeron as actividades presentarán a documentación necesaria e pagaráselles a subvención e os que non fixeron actividades renunciarán a ela.

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE

Concello de Guitiriz

Rua do Concello nº4, Guitiriz. 27300 (Lugo). Tfno. 982370109. Fax: 982372178



Cod. Validación: 6W2EZKSKD2QMTP.LZ95T4CD664 | Corrección: <https://guitiriz.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 43 a 43